

## Os proxectos progresistas das deputacións de 1842

Catedrático de Historia do  
Dereito e das Institucións.  
Universidade de Santiago de  
Compostela

Pedro Ortego Gil

A cordado polas Cortes que a Rexencia fora única, Espartero nomeou, con data 21 de maio de 1841, a Antonio González como presidente do Consello de Ministros. Ó día seguinte expuxo perante o Senado a orientación política que quería darlle ó seu Goberno. Do seu discurso podemos entresacar un parágrafo que, de forma implícita, lle afecta ó Goberno provincial. Di así “El Gobierno interior del país es bien cierto que tiene una parte en el supremo del Estado, pero cuenta con elementos inferiores que proponen otra parte del Poder ejecutivo, y como en esta no tenga todo lo necesario para ser fuerte en utilidade de la Nación, se hacen precisas las leyes orgánicas, que el Gobierno presentará a la deliberación de las Cortes; mas en la situación en la que nos encontramos, en esta situación critica en que hay que luchar con graves inconvenientes y dificultades, es imposible presentarlas tan pronto como era de desear”<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Tomado de NIDO y SEGALVERA, Juan del, *Antología de las Cortes de 1840 a 1846*, Madrid, 1910, páx. 358.

Poucos días despois designábase unha Comisión “que teniendo presente los buenos principios que hoy se conocen en administración, y aprovechando las lecciones que hayan podido aprender en los diferentes destinos que han desempeñado sus individuos”, elaborase con brevidade os proxectos de lei para “poner en armonía con la Constitución y demás leyes las de los ayuntamientos y Diputaciones provinciales, en el método de su elección, y en lo relativo a sus atribuciones respectivas, como también de fijar de un modo claro y terminante las facultades y deberes de los Jefes políticos”<sup>2</sup>.

A pesar da brevidade solicitada, o certo é que tardaron varios meses en presentarse os proxectos de lei relacionados co réxime provincial e municipal. Con data 14 de marzo de 1842 presentouse perante o Senado o proxecto sobre organización e atribucións dos concellos<sup>3</sup>, mentres que os relativos a deputacións e xefes políticos non se presentaron ata o 18 de abril seguinte<sup>4</sup>. Para dictaminar sobre estes dous últimos proxectos nomeouse unha comisión da que formaban parte Álvaro Gómez Becerra, Juan Lasaña, Francisco Romo y Gamboa, o Conde de Soto-Ameno e Martín de los Heros<sup>5</sup>.

Hai que resaltar, ademais, que con esta medida se abandonaba a vía da autorización lexislativa para poder promulgar un texto orgánico, como se intentara en 1840 co Proxecto de deputacións que foi presentado xunto co de autorización ante o Congreso dos Deputados. Ó mesmo tempo, hai que destacar que no ano 1842 se alteraba a tramitación parlamentaria ordinaria pois, enviouse o texto primeiro ó Senado, o cal era legalmente posible pero non habitual. Dende a perspectiva das circunstancias políticas era, sen embargo, a máis conveniente para o gabinete<sup>6</sup>.

Dende unha perspectiva xeral e comparativa, Concepción de Castro afirma que, aínda que estes proxectos “se caracterizan por su espíritu liberal y bastante descentralizador, se hallan a medio camino entre la organización de 1823 y la que el progreso parecía dispuesto a aceptar en 1838-1840, bajo el gobierno de los moderados”<sup>7</sup>. Así o manifestaba a exposición que precedía o proxecto no seu parágrafo segundo, ó dicir que, “no cree el Gobierno que en España puede ni debe llevarse la centralidad del poder al extremo a que ha llegado en otras naciones por causas antiguas y diversas; pero si entiende que necesitamos alguna más de la que hoy existe si hemos de ser nación libre y ordenada en el interior, fuerte y respetada en el extranjero”.

Apoiábanse en que a Constitución de 1837 esixía a reforma das deputacións provinciais, e posto que estas aínda se rexían pola

<sup>2</sup> Formaban parte dela o ministro da Gobernación da Península, como presidente e os seguintes deputados a Cortes: Francisco Cabello –xefe político en varias provincias–, Javier Quinto –xefe de sección do dito ministerio–, Francisco Ferro Montaos –alcalde que fora de Madrid–, Félix Domenech –alcalde que foi de Barcelona–, Juan Francisco Morate –secretario da Deputación de Madrid– e José Posada –catedrático da Universidade de Oviedo–. Real Orde do 8 de xuño de 1841, en *Gaceta de Madrid*, 9 de xuño de 1841, n.º 2427.

<sup>3</sup> *Diario de Sesiones del Senado* (=D.S.S.), Apéndice segundo, páxs. 455 a 462. O Proxecto leva data do día anterior.

<sup>4</sup> D.S.S., n.º 43, pág. 652 e apéndice. O Proxecto de deputacións tamén pode consultarse en *Gaceta de Madrid*, 22, 23, 24 e 25 de abril de 1842, n.º 2751 a 2754; mentres que o de xefes políticos se encontra nas do 25 e 27 de abril, n.º 2754 e 2756.

<sup>5</sup> D.S.S., Sección do 19 de abril de 1842, n.º 44, pág. 696. Elixíron como presidente a Gómez Becerra e por secretario a Romo, en D.S.S., Sección do 25 de abril de 1842, n.º 46, pág. 730.

<sup>6</sup> Neste sentido CASTRO, Concepción de, *La Revolución liberal y los municipios españoles*, Madrid, 1979, páxs. 163 e 164.

<sup>7</sup> *La Revolución liberal*, pág. 161.

Lei do 3 de febreiro de 1823, era preciso adoptar unha nova regulación. Buscábase unha nova transacción, aínda que agora dende o sector político progresista, admitindo algúns aspectos da concepción administrativa dominante e algunhas notas que propuxeran os moderados con anterioridade.

Consta o proxecto que presentou o Goberno, por man de Facundo Infante, de seis títulos, as súas rúbricas e orde correspóndense co establecido polos anteriores membros da Comisión do Congreso no ano 1838 e no 1840. Isto é, organización, cualidades para ser elector e deputado, modo de face-las eleccións, sesións, atribucións e orzamento provincial. En total son 74 artigos os que constitúen o dito texto.

O seu art. 1 ampliará a composición da Deputación con respecto á que estaba instaurada. Hai que sinalar, sen embargo, que desaparecía a figura do Intendente de Facenda, posto que as súas funcións as pasaba a asumir o xefe político<sup>8</sup>, co que xa se anunciaba o que se establecería con carácter definitivo no ano 1849.

Respecto dos deputados provinciais ampliábase o seu número, "haciendo más representativos a estos organismos", como afirma Concepción de Castro<sup>9</sup>. As regras de representación eran: un deputado por cada un dos partidos xudiciais que compoñen a provincia, sendo o mínimo de nove<sup>10</sup>; se a poboación dos partidos excedera de sete mil veciños, elixirían dous deputados; as cidades con máis dun xulgado de primeira instancia, formarían tantos partidos como foran estes; e, nas provincias que non houbera nove circunscricións xudiciais, os partidos con maior poboación, anque non alcanzasen a citada cifra de sete mil veciños, elixirían dous ata completa-lo número de nove. Do mesmo

<sup>8</sup> O art. 1 do Proxecto sobre gobernos políticos non deixaba dúbida: "En cada provincia habrá un jefe político; esta autoridad desempeñará las funciones que hoy le están cometidas por la ley y las de los intendentes, cuyo empleo queda suprimido". Chegouse a afirmar que con este texto, os xefes "serán en adelante lo que han debido de ser siempre: los jefes superiores de la provincia en el orden civil", en *Gaceta de Madrid*, 2 de maio de 1842, n.º 2761.

<sup>9</sup> *La Revolución liberal*, páxs. 162 e 163.

<sup>10</sup> A Lei do 15 de xaneiro de 1837 dispuxo que o número de deputados provinciais sería igual ó de partidos xudiciais, sempre que estes non baixaran de sete, como fixara o R.D. do 21 de setembro de 1835. O art. 69 da Constitución daquel ano declarou que "en cada provincia habrá una Diputación provincial compuesta del número de individuos que determine la ley, nombrados por los mismos electores que los Diputados a Cortes". No seu desenvolvemento a Lei do 13 de setembro de 1837 sobre organización das deputacións provinciais establecía que as deputacións se comporían *por agora* do Xefe político, do Intendente e "de un número de diputados igual al de los partidos judiciales en que se divide, siempre que estos no bajen de siete, que ha de ser el minimum de los diputados".



xeito que se elixían os deputados propietarios, había que proceder á designación dos suplentes<sup>11</sup>.

Recuperando a proposta dalgún texto anterior, a Deputación debían renovala, cada tres anos, terceiras partes<sup>12</sup>. Para determinar cáles eran os deputados que debían substituírse por primeira vez, procederíase por sorteo. Pero como podía existir un número de deputados que non fora múltiplo de tres, o último inciso do art. 4 viña dispoñer que "si hubiese un quebrado se renovará en el primer año, si dos el segundo se comprenderá en la segunda renovación"<sup>13</sup>.

A súa elección correspondíalles ós electores de deputados a Cortes, o que de modo implícito supón unha remisión á lei electoral xeral, que era a que indicaba cáles eran os requisitos para ser elector<sup>14</sup>. En cambio si se determinaban as cualidades para poder ser elixido deputado provincial: ser elector conforme á Lei electoral, de maneira que coinciden o número de electores e de elixibles e residir e ter veciñanza polo menos con tres anos de antigüidade<sup>15</sup>, sen que fora necesario tela no partido polo que se saía elixido, o que provoca en determinados casos a dobre elección.

A cualificación do cargo era a acostumada de honorífico, grauíto e obrigatorio durante os tres anos do mandato<sup>16</sup>. Non obstante, quedaban incapacitados para chegar a ser deputados, segundo o art. 7, os seguintes individuos: os debedores ós fondos públicos apremados; os arrendatarios, administradores e os seus fiadores dos terreos municipais ou provinciais; os contratistas de obras provinciais e os seus fiadores; os que percibiran soldo ou retribución con cargo ós fondos provinciais ou municipais; os empregados en servizo activo, ben foran da Casa Real ou do Estado; e, os ordenados *in sacris*<sup>17</sup>. As exclusións, salvo as dúas últimas, teñen un marcado carácter económico, pois trataban de impedir malversacións de fondos públicos unha vez que se accedese ó cargo. En canto á exclusión de empregados públicos ou da Real Casa podía solucionarse mediante unha referencia xenérica no punto anterior, aínda que non se incluían, loxicamente, nesta inhabilitación o xefe político porque era o presidente nato da corporación. Esta última medida impedía que a dependencia do Poder executivo fora absoluta, non só formal, senón tamén material. Por último, en canto ós clérigos ordenados, recollíase algunha proposta do trienio aínda que non desboto a súa inclusión expresa no texto por evidentes motivos políticos.

O art. 8 do Proxecto do 18 de abril de 1842 reproduce o seu correlativo do Proxecto de 1840 ó referirse ás escusas que podían

<sup>11</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 2. En parecidos termos o art. 3 do Proxecto do 21 de marzo de 1840, que consideraba un número de suplentes igual ó de propietarios.

<sup>12</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, arts. 3 e 4. Fronte á duración de catro anos e renovación por metade do art. 3 do Proxecto de 1840, optábase agora polos tres anos e renovación por tercios.

<sup>13</sup> Era unha medida lóxica, similar ás renovacións bianuais, nas que se mandaba saír na primeira a maior parte se o número era impar. A regra arriba mencionada responde ó seguinte suposto: se foran 10 deputados, renovaríanse sucesivamente 4, 3 e 3; se se tratara de 11, 4, 4 e 3.

<sup>14</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 5, primeiro do título II, que reproduce o primeiro inciso do art. 4 do Proxecto de 1840.

<sup>15</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 6. Aumentouse nun ano a residencia que o art. 6 do Proxecto de 1840 fixara en dous. De acordo co art. 16 do Proxecto de concellos do 13 de marzo de 1842, non podían ser nomeados para cargos municipais os que non levaran tres anos de veciñanza e residencia na vila, coas matizacións que se incluían a continuación.

<sup>16</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 3. Reproduce os termos do art. 3 do Proxecto de 1840.

<sup>17</sup> O art. 7 do Proxecto de 1840 só excluía os mencionados nos catro primeiros lugares.

<sup>18</sup> A regulación é semellante á establecida trala promulgación da Lei electoral o 20 de xullo de 1837 que influíu no modo de celebra-las eleccións para o nomeamento de deputados provin-

ciais, posto que o art. 4 da Lei do 13 de setembro de 1837 dispuxo que, "para hacer estas elecciones se observarán las reglas y formalidades prescritas en el capítulo IV de la Ley electoral de 20 de julio último, con las modificaciones indispensables que el Gobierno determinará". No seu desenvolvemento, o Goberno dictaría a Orde do 6 de novembro daquel ano que regula o proceso electoral con minuciosidade.

<sup>19</sup> Salvo a distinción de tres posibilidades diferentes –extraordinaria, ordinaria e parcial, o que hai que poñer en relación co art. 12 do proxecto progresista– reproduce nos seus termos o art. 9 do Proxecto de 1840.

<sup>20</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 12. Os arts. 2 da Real orde do 24 de outubro de 1839 e 3 do Decreto do 13 de outubro de 1840, normas certamente especiais por estar destinadas a renovacións concretas, fixaban os días de comezo con maior concreción, aínda que con referencia ó 10 de novembro.

<sup>21</sup> Existe un matiz importante en relación co art. 10 do Proxecto moderado de 1840, pois mentres neste se encomendaba a división dos partidos administrativos en distritos ó xefe político, oíndo a Deputación; o texto progresista atribuíalle, de acordo cos seus postulados, esta tarefa á Deputación Provincial, aínda que a súa aprobación lle correspondera ó citado delegado ou ó propio Goberno. O art. 9 da Real orde do 24 de outubro de 1839 ordenaba que a fixera o xefe político coa Deputación.

<sup>22</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 11.

<sup>23</sup> Hai que poñelo en relación cos arts. 11 e 13 do Proxecto de 1840, así como os arts. 6 e 7 do Decreto do 13 de outubro de 1840.

alegarse para non acceder ó cargo: cando foran reelixidos sen gardar un espazo de tempo de dous anos, os sexaxenarios e os deputados a Cortes, senadores e os individuos de concello –esta inclusión era unha novidade– se non transcorrese un ano dende que cesaron nos seus empregos.

O réxime electoral, regulado no título III, seguía as pautas marcadas por propostas anteriores ó recoller unha minuciosa regulación sobre esta materia<sup>18</sup>. A convocatoria de eleccións podía verificarse por real convocatoria se fora extraordinaria; ou ben por orde do xefe político se fose ordinaria, isto é, a renovación por terceiras partes cada tres anos, ou parcial nalgunha provincia<sup>19</sup>. A elección dos deputados provinciais comezaría, se fose ordinaria, o 1 de novembro; se extraordinaria, o día que fixara a convocatoria real; e se parcial, o que designara na súa orde o xefe político. Estas convocatorias debían publicarse no *Boletín Oficial da Provincia* con suficiente anticipación, e comunicar tamén o local no que debía reunirse a xunta electoral<sup>20</sup>.

Ó recoller disposicións incluídas con anterioridade en leis ou decretos específicos sobre eleccións de deputacións, o art. 10 do proxecto que nos ocupa viña ordenar que a Deputación formara os distritos electorais de acordo coa comodidade dos electores, sinalando como cabeza os pobos que "por su mayor centralidad faciliten la concurrencia, a no ser que su designación se comprenda en la ley de división territorial". Verificada esta división pasaríase ó xefe político, e se non se opuxera, comunicarlle ós concellos afectados para o seu coñecemento, ó tempo que a mandaría publicar no boletín oficial para que chegara a noticia dos electores. Se, polo contrario, estivera disconforme coa división e o sinalamento, devolveríalle o expediente, coas súas observacións á Deputación Provincial, para que as tomara en conta e modificara o anterior acordo. Pero se a Deputación insistira no por ela acordado, o xefe trasladaríallo ó Goberno para que este decidira en última instancia<sup>21</sup>. Acordada e aprobada a división electoral non podería variarse, salvo que se modificara a división territorial vixente<sup>22</sup>. Esta norma sería aplicable ós supostos de modificación ou alteración dos límites provinciais, o que obrigaría a ampliar ou reducir os distritos, aínda que estes podían ser distintos para cada unha das eleccións.

Rompendo coa regra marcada polo Decreto do 13 de outubro de 1840 que sinalaba un total de cinco días para as votacións de distrito, aínda que de conformidade co Proxecto de 1840, o art. 13 do texto progresista dispoñía que as eleccións duraran catro días: o primeiro deles para a designación da mesa electoral, e os tres restantes para as votacións<sup>23</sup>.



O primeiro día baixo a presidencia do alcalde, ou de quen fixera as súas veces, iniciárase a votación para a elección da mesa electoral definitiva<sup>24</sup>. Con este obxecto constituiríase previamente unha mesa provisional composta polo alcalde e dous electores por el designados, para que fixeran de escrutadores. De inmediato, os electores pasarían a designar, nas súas papeletas, os candidatos a presidente e catro secretarios escrutadores, que comporían a definitiva. A atribución destes encargos faríase entre os cinco primeiros que máis votos obtiveran pola súa orde. Se os designados non contaran con maioría absoluta, procederíase a unha nova elección, pero só entre os que obtiveran máis votos, en tal caso bastaría a maioría relativa. Os empates resolveríase a sorte<sup>25</sup>. Se por ventura, esta operación electoral que debería iniciarse ás nove da mañá se terminase antes de transcorrer as seis horas que cada día se destinaban á elección, procederíase de forma inmediata á votación para deputados provinciais. Pero se non se elixira a mesa dentro deste horario, ampliaríase todo o necesario ata constituíla<sup>26</sup>.

As votacións efectuaríanse mediante papeletas rubricadas. Os votantes apuntaríanse co seu nome e veciñanza despois de comprobada a súa inclusión nas listas, que debían estar na mesa<sup>27</sup>. As papeletas conterían tantos nomes cantos foran os deputados para elixir, e un suplente por cada partido. As que contiveran máis nomes quedarían anuladas, como os nomes repetidos ou que non puideran lerse. Si valerían as demais, anque incluían menos nomes dos necesarios<sup>28</sup>.

Concluída a votación de cada día, a mesa electoral verificaría o escrutinio confrontando o número de votos co de votantes, redactaría a acta e resolvería as reclamacións que se presentasen<sup>29</sup>. Rematado o escrutinio, anunciaríase o resultado e queimaríanse as papeletas<sup>30</sup>. Durante os días que durara a votación procederíase, antes das oito da mañá do día seguinte, a publicar na parte exterior do edificio onde se fixeran as votacións, a lista de electores que votaron e o resumo do escrutinio<sup>31</sup>.

Ás dez da mañá do día seguinte ó que concluíse o período de votación, a mesa formaría un resumo xeral de votos e redactaría a acta final, con mención das reclamacións formuladas, o número de electores, votantes e votos de cada candidato, tamén deben asinala os seus compoñentes<sup>32</sup>. Tralo cal se nomearía un comisionado para que levara a copia certificada da acta e acudira ó escrutinio xeral da cabeza de partido<sup>33</sup>.

O escrutinio debía facelo na cabeza de partido unha xunta xeral composta polo concello en pleno daquela –sen voto nas resolucións– e os comisionados dos distritos. Presidiríaa o alcalde,

<sup>24</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 13, que reproduce substancialmente o art. 11 do Proxecto de 1840.

<sup>25</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 14, que coincide co previsto no art. 12 do Proxecto de 1840.

<sup>26</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 15.

<sup>27</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 16, que concorda co previsto nos arts. 13 e 14 do Proxecto de 1840.

<sup>28</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 17, último inciso, que reproduce con algunha matización o art. 16 do Proxecto de 1840.

<sup>29</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 17, primeiro inciso, que reproduce o disposto no art. 15 do Proxecto de 1840.

<sup>30</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 18, que reproduce con algunha excepción –electores por público– o art. 17 do Proxecto de 1840.

<sup>31</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 19, que reproduce case literalmente o art. 18 do Proxecto de 1840.

<sup>32</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 20, aínda que con algún engadido –expresión de protestas e reclamacións na acta– vén reproducir os arts. 19 do Proxecto de 1840 e 8 do Decreto do 13 de outubro de 1840, pero este último sepárase nalgúns aspectos da regulación arriba mencionada.

<sup>33</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 21, que reproduce con diferente redacción o art. 20 do Proxecto de 1840.

<sup>34</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 22, que reproduce os termos do art. 21 do Proxecto de 1840, se ben este non contiña ningunha matización ou previsión similar á recollida no primeiro precepto sobre negárille-lo voto ós concelleiros do concello da cabeza de partido na adopción de resolucións.

<sup>35</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 23, que concorda co art. 22 do Proxecto de 1840.

<sup>36</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 24.

<sup>37</sup> Proxecto de 18 de abril de 1842, arts. 24 e 28. Ata este texto nunca se recollera que se lle enviaran dúas copias ó xefe político, xa que o normal é que só se lle remitise unha. Concorda no esencial cos arts. 23 e 25 do Proxecto 1840.

<sup>38</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 25, que coincide no fundamental co art. 24 do Proxecto de 1840.

<sup>39</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 26, que reproduce en termos similares o último inciso do art. 24 do Proxecto de 1840.

<sup>40</sup> Proxecto do 18 de abril de 1840, art. 27, que reproduce algún dos preceptos propostos por Silveira en 1838.

<sup>41</sup> Os arts. 26 e 27 do Proxecto de 1840 encomendábanlle esta decisión ó xefe político, oída a Deputación. É evidente a diferente concepción política dos moderados –preponderancia das facultades do xefe político– e dos progresistas –prevalencia da Deputación–.

<sup>42</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 30. O art. 28 do Proxecto de 1840 determinaba que resolvera o xefe de acordo coa Deputación, acerca de se o elixido tiña ou non as cualidades necesarias. En todo caso, a comisión de revisión de actas electorais viña existindo na totalidade das deputacións provinciais.

con asistencia dos catro secretarios-escrutadores –comisionados máis novos– ou os que houber se non chegaran a esa cifra. Se por calquera circunstancia non puidese acudir a esta localidade un dos comisionados, remitiríasele ó seu alcalde a acta, para que este a presentara na xunta xeral<sup>34</sup>. Como podería suceder que un mesmo pobo formara dous ou máis partidos, por existir nel dous ou máis xulgados de primeira instancia, faríase o escrutinio xeral da mesma maneira, aínda que con separación entre eles e tamén no mesmo día<sup>35</sup>.

A correspondente acta de partido, asinaríaa o alcalde, escrutadores e comisionados, con expresión das mesmas circunstancias vistas para as de distrito<sup>36</sup>. O orixinal gardaríase no arquivo, pero remitiríanselle copias ó xefe político, quen quedaría con unha e lle entregaría a outra á Deputación<sup>37</sup>.

Ás mesas de cada distrito electoral e ós comisionados das xuntas xerais de partido correspondíalles ir decidindo, cada día e por maioría absoluta de votos, tódalas dúbidas, reclamacións e queixas que puidesen derivarse das eleccións. Os empates decidiríanse concedéndolle voto de calidade ó máis ancián<sup>38</sup>. O que non podía facer a Xunta Xeral de Escrutinio era anular as actas, posto que o seu papel se reducía a expresar, na que debía elaborar, as dúbidas e reclamacións promovidas, ademais das resolucións que recaesen<sup>39</sup>.

O presidente en tódalas operacións electorais era o encargado de manter a orde e facer cumprir a legalidade, para o que o texto proposto o revestía e autorizaba con cantas facultades puidera necesitar<sup>40</sup>.

Conforme ó art. 29, a Deputación Provincial nas primeiras sesións que celebrara no segundo prazo da súa reunión, tendo á vista a copia da acta remitida pola xunta de partido, decidiría sobre a validez ou a nulidade do nomeamento<sup>41</sup>, ademais da capacidade ou dos impedimentos legais dos designados. Non obstante, cando se procedera á renovación total dunha Deputación, o xefe político convocaría os que foran electos, que se constituirían en xunta preparatoria, baixo a presidencia daquel. Daqueles contra os que non houbera ningunha queixa ou reclamación, designaríase unha comisión de tres individuos para que examinaran as actas dun número igual de deputados; os cales, constituídos en comisión de revisión de actas, proporían a aprobación ou a reprobación dos restantes<sup>42</sup>.

Dous eran os supostos, segundo a renovación fora ordinaria ou extraordinaria. Na primeira non había problemas por que existían uns deputados xa designados. Pola contra, na renovación total, este complicado sistema de dúas comisións sucesivas



de tres deputados cada unha, para resolver exclusivamente se existían supostos de nulidade, era máis complexo. A teor do art. 31, se a Deputación declarara nula algunha das actas, pasaríaa informada ó xefe político, quen despois de agrega-lo seu informe, llo enviaría ó Goberno, a quen lle correspondería resolver con carácter definitivo<sup>43</sup>.

Unha vez aprobadas as actas e recoñecida a aptitude ou a capacidade legal dos interesados, a Deputación Provincial comunicariallo ó xefe político, para que este fixera o propio co recentemente electo o antes posible<sup>44</sup>.

No suposto de dobre elección por varios partidos xudiciais, o elixido debía manifestarlle ó xefe político por cál deles optaba, antes de tomar posesión, para que a dita autoridade convocara o suplente do partido polo que non optaría, co obxecto de completar así o mínimo legal esixido<sup>45</sup>.

Unha vez que se lles comunicou a súa designación, os novos deputados debían acudir á capital co fin de presentarse perante o xefe político e agardar a que lles sinalara data para a súa toma de posesión. No día fixado debían prestar xuramento de mans do xefe político, conforme á fórmula ritual: "¿Juráis guardar la Constitución de la Monarquía española? ¿Juráis fidelidad de obediencia al Rey o Regente del Reino en su caso? ¿Juráis mirar en todo por el bien de la provincia y haberos bien y fielmente en el desempeño de vuestro encargo? Y responderá: Si juro. El presidente le dirá: Si así lo hicierais Dios os lo premie, y si no os lo demande, sin perjuicio de la severa responsabilidad que se os exigirá con arreglo a la ley"<sup>46</sup>. Hai que resaltar que a única norma que, con relación ás deputacións, regulara en certa medida unha fórmula de xuramento para os seus vocais electos foi o Real decreto do 21 de setembro de 1835, se ben non de maneira tan detallada. Cabe destaca-la terceira pregunta que incidía na defensa do ben da provincia, aspecto por outra parte normal. En canto á responsabilidade había que estar ó disposto nos arts. 52 a 54 deste proxecto e que despois veremos.

Despois de todo este proceso, xa podían as deputacións comezar a desenvolver-las súas funcións. As sesións que vai celebrar a Deputación quedaban reguladas no título IV. Conforme ó art. 36 as corporacións provinciais debían celebrar cada ano dúas reunións ordinarias: a primeira do 9 de marzo ó 30 de abril; e, a segunda do 1 de decembro a 31 de xaneiro do ano seguinte. Este período de sesións podía ampliarse ata quince días máis en cada un deles<sup>47</sup>. Todo con independencia das reunións extraordinarias que se puidesen celebrar, sempre que o Goberno ou o xefe político o considerara necesario<sup>48</sup>. Hai que ter en conta

<sup>43</sup> Este precepto vén concordar na súa finalidade co art. 27 do Proxecto de 1840, aínda que neste se lle daba intervención ó Consello de Estado.

<sup>44</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 32, concorda co art. 26 do Proxecto de 1840.

<sup>45</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 33, reproduce con lixeiras variacións de redacción o art. 29 do Proxecto de 1840.

<sup>46</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, arts. 34 e 35.

<sup>47</sup> Este precepto introducía algunha novidade en canto á concreción de datas con respecto ó art. 31 do Proxecto de 1840. En todo caso, mantíñase, no fondo, a proposta introducida por Silvela nos seus textos de 1838 de dous períodos de sesións, o que se incluíría no Proxecto da Comisión do Congreso daquel ano e a través del nos textos posteriores. O mesmo cabe sinalar da ampliación do período de sesións, anque a duración da prórroga fora diferente segundo as propostas.

<sup>48</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 36. Este precepto recollía no substancial a redacción que concretara o art. 32 do Proxecto de 1840.



que se establecían con claridade os períodos de sesións, posto que antes se deixaba á libre decisión do Goberno<sup>49</sup>, ou se citaban os meses de celebración, se ben se lle deixaba ó Executivo a designación de datas<sup>50</sup>. Ademais non se establecía un tope de sesións para celebrar durante este período, como o fixeran outros textos, entre vinte e trinta días, aínda que tamén se admitise a prórroga.

Para evitar alteracións desta norma e acabar con calquera intento de discrecionalidade das deputacións, o art. 37 do proxecto que nos ocupa –fiel reprodución do que xa dispuxeran os arts. 41 do Proxecto da Comisión do Congreso no ano 1838 e 33 do Proxecto do 1840– viña determinar que calquera reunión daquelas “fuera de los casos y épocas fijadas es nula, y de ningún valor cuanto en ellas se acordare, sin perjuicio de la responsabilidad en que por ello incurrieren los diputados”. Con iso, evidenciábase un dos puntos do achegamento ou transacción entre os postulados progresistas e moderados en canto á necesidade de somete-las deputacións ás directrices do Goberno.

A presidencia correspondíalle ó xefe político<sup>51</sup>. Cando este faltara ás sesións –por ocupacións perentorias, enfermidade ou ausencia– e posto que desaparecía a figura do intendente, era preciso solucionar quén debía asumir a presidencia en tales supostos. O art. 38 dispoñía que se elixira, na primeira sesión das súas reunións, de entre os deputados, un vicepresidente<sup>52</sup>.

Cando os deputados non puideran concorrer, debían comunicarllo ó xefe político, para que este llo fixera saber á corporación. Non obstante se os deputados convocados se atopasen na capital, non concorresen ó chamamento do presidente e non expresasen algún motivo que llo impedira, serían amostados por dúas veces. Se continuaran sen concorrer ou alegar causa que llo impedira, a Deputación podería multalos cunha cantidade que podería variar entre os cincocentos e os cinco mil reais<sup>53</sup>, aínda que a súa imposición efectiva lle correspondera ó xefe político.

Como podería acontecer –e de feito sucedía na práctica– que as ausencias foran numerosas, o art. 41 do proxecto declaraba que se deixasen de asistir a maioría dos deputados, os que se reuniran cualificarían as excusas dos que faltaran, para poder acordar a imposición dunha multa a todos eles. E, se malia as sancións disciplinarias mencionadas, algún deputado continuara negándose a acudir ás sesións, os que se atoparen reunidos na capital fixarían un prazo para que se presentaran, e se aínda non concorreren, comunicarllo ó xefe político, que lle daría conta ó Goberno, ademais de convocalo suplente<sup>54</sup>. O

<sup>49</sup> Proxecto da Comisión do Congreso de 1838, art. 39.

<sup>50</sup> Proxecto do 21 de marzo de 1840, art. 31.

<sup>51</sup> O art. 15 do Proxecto de lei sobre gobernos políticos establecía que esta autoridade “es presidente nato de la Diputación provincial y de los ayuntamientos de la provincia. No podrá dejar de concurrir a las sesiones de aquella a no impedírselo motivos graves... Cuidará de que estos cuerpos celebren sus sesiones con arreglo a la ley”.

<sup>52</sup> Rompiase deste xeito o costume que recolleran outros textos de lle encomenda-la vicepresidencia ó intendente e, no seu defecto, ó deputado de máis idade: por exemplo o art. 34 do Proxecto de 1840.

<sup>53</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 40. O límite arriba citado de cinco mil reais era a cantidade máxima de multa que podía impoñer o xefe político, de acordo co art. 14 do Proxecto que os regulaba do 18 de abril de 1842. Pola súa parte, o art. 36 do Proxecto de 1840 sancionaba os reincidentes cunha multa entre os cincocentos e os dous mil reais, a imposición dos cales lle correspondía ó xefe político.

<sup>54</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 42.

fundamento desta minuciosa regulación das sancións, fronte á concisión doutros textos anteriores, pode encontrarse na realidade diaria de calquera deputación provincial dende a súa instalación a partir de finais do ano 1812.

Respecto do concreto desenvolvemento das sesións, estas celebraríanse a porta pechada, salvo que a lei dispuxera o contrario<sup>55</sup>. Como sucedía nas cámaras legislativas, nas discusións procederíase de forma alternativa falando uns en pro e outros en contra das decisións, aínda que ningún podería falar se o presidente non lle concedera a palabra, pois a este encomendábase a orde das sesións<sup>56</sup>.

As votacións deberíanse efectuar por maioría absoluta, sen que ningún dos membros da corporación, o presidente incluído, puidera absterse de votar, aínda que se puidera salva-lo seu voto, facéndoo constar en acta<sup>57</sup>. O art. 46 salvaba os empates de maneira similar a como o fixera a Lei de 1823, é dicir, producido o empate repetiríase a discusión e a votación na sesión inmediata, á que se convocaría os individuos que atopándose na capital non asistisen. Se de novo se producira o empate decidiríase o voto de calidade do presidente, ou como di o precepto, "se tendrá por acordado el parecer de aquellos con quienes el presidente hubiera votado"<sup>58</sup>. A votación secreta só tería lugar cando o pedise a metade máis un dos presentes<sup>59</sup>, aínda que non podía adoptarse ningún acordo sen o quórum da maioría dos deputados<sup>60</sup>.

Dentro da liña marcada polas propostas moderadas e co ánimo de exercer un maior control sobre estas institucións, os seus acordos, a teor do art. 47, debíanse executar o xefe político<sup>61</sup>. Non podía escusarse de levalos a cabo senón cando os ditos acordos non estiveran conformes coas atribucións da Deputación, aínda que para facelo llo debía comunicar á corporación e tamén o poría en coñecemento do Goberno<sup>62</sup>.

Durante os períodos nos que non estivera reunida a Deputación, aqueles negocios urxentes e peculiares desta serían resoltos polo xefe político, baixo a súa responsabilidade aínda que con audiencia dos deputados que se atoparen na capital. Como xa previra a Lei de 1823, o art. 51 do proxecto obrigaba a dar conta, tanto do expediente como da resolución, á Deputación na primeira sesión do inmediato período de reunións, para a súa aprobación<sup>63</sup>. Non se introducía, en consecuencia, ningunha innovación, posto que as chamadas *comisións de despacho* viñan funcionando en tódalas deputacións provinciais.

Tódolos acordos das deputacións e os feitos máis notables que ocorreren en cada sesión redactaríanos o secretario nunha

<sup>55</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 43, que vén a coincidir co primeiro inciso do art. 38 do Proxecto de 1840.

<sup>56</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 44. *Vid.*, art. 15 do Proxecto de gobernos políticos do 18 de abril de 1842.

<sup>57</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 45. Concorda co segundo e terceiro inciso do parágrafo primeiro do art. 38 do Proxecto de 1840.

<sup>58</sup> O texto moderado de 1840, no parágrafo segundo do seu art. 38 e de acordo cos postulados de facilita-lo control das deputacións por parte dos xefes políticos, atribuíalles a estes un voto de calidade para desfacer empates.

<sup>59</sup> Reproduce o parágrafo terceiro do art. 38 do Proxecto de 1840.

<sup>60</sup> O art. 37 do Proxecto de 1840 dispoñía que "para formar acuerdo se necesita que esté presente la mitad más uno de los diputados". Pero non debe esquecerse que mentres no dito texto o intendente formaba parte da corporación provincial, en 1842 quedaba excluído e, polo tanto, o quórum esixido era máis lóxico.

<sup>61</sup> O fin, con distinta redacción, xa estaba previsto no primeiro inciso do art. 41 do Proxecto de 1840. O art. 16 do Proxecto de gobernos políticos incidía nesta cuestión.

<sup>62</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 48. O art. 41 do Proxecto de 1840 decretaba a inexecución en caso de que excedese a Deputación, se ben ó Goberno lle correspondía a súa resolución. O art. 16 do Proxecto de gobernos políticos do 18 de abril de 1842 tamén era suficientemente explícito: "Compete exclusivamente al jefe político la ejecución de los acuerdos de la Diputación provincial".



<sup>63</sup> O art. 19 do Proxecto de gobernos políticos do 18 de abril de 1842 dispoñía: "No estando reunida la Diputación, el jefe político despachará los negocios urgentes con acuerdo de los diputados que residan en la capital, debiendo dar cuenta de lo obrado a aquella corporación en su más próxima reunión".

<sup>64</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 50. O art. 39 do Proxecto de 1840 dispuxera que os acordos os asinarían aquel que presidira e o secretario.

<sup>65</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 55, a finalidade do cal con diferente redacción era a prevista no art. 40 do Proxecto de 1840.

<sup>66</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 56.

<sup>67</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 49. En idénticos termos de supresión das secretarías das deputacións se pronunciaba o art. 42 do Proxecto de 1840, se ben o seu art. 35 establecía o nomeamento dun secretario e dun vicesecretario entre os deputados "que actuarán sólo mientras dure dicha reunión", ordinaria ou extraordinaria. O art. 7 do Proxecto de gobernos políticos do 18 de abril de 1842, dispoñía que "para el despacho de los negocios del Gobierno, así como para los de la Diputación e intendencia, cuyas secretarías quedan suprimidas, habrá una general de gobierno con un secretario, un vicesecretario y un oficial mayor de nombramiento real". O que quedaba completado co previsto no art. 9 do dito texto: "El secretario asistirá sin voz ni voto a las sesiones de la Diputación provincial, custodiará los papeles y libros de actas, cuidará del pronto despacho de todos los asuntos, así del Gobierno como de la Diputación y de hacienda".

acta, que debería aprobarse na sesión seguinte, antes de que se recollesen nun libro, con follas de selo de oficio e foliado. O secretario era responsable da súa exactitude e conservación. As actas quedarían autorizadas coas sinaturas do presidente, do vicepresidente e do secretario<sup>64</sup>.

Como xa se recollera nos anteriores proxectos moderados, as comunicacións que as deputacións puidesen ter con outras autoridades, corporacións e particulares faríanse polo conducto do xefe político<sup>65</sup>. Tamén a dita autoridade sería a vía pola que, a Deputación debería trasladarlle ó Goberno as súas exposicións sobre o interese xeral ou parcial da provincia; salvo que a exposición se referira ó xefe político, xa que neste caso se lle remitiría directamente ó Goberno, con independencia de remitirle a aquel unha copia desta exposición<sup>66</sup>. Era evidente, unha vez máis, o achegamento das ideas progresistas sobre a Administración provincial ás propostas redactadas polos moderados. Non só se trataba de proceder a dictar unha nova regulación e derroga-la Lei do 3 de febreiro de 1823. A última finalidade era someter de forma mediata as deputacións ós dictados do Goberno, e nesta cuestión as diferentes tendencias do liberalismo estaban de acordo aínda que non o manifestaran abertamente.

Verbo deste achegamento de propostas, control das deputacións e redución de atribucións, a secretaría das mesmas sería a do respectivo Goberno político. A razón da unión xustificábase polo Goberno na súa exposición, ó afirmar que "la unión y la celeridad de la administración aconseja en concepto del Gobierno, las supresiones de propuestas de empleos de las Diputaciones e intendencias, reuniéndolas en una sola secretaría, y bajo las órdenes de un solo jefe, con economía considerable de gastos". Na súa virtude, o secretario do Goberno político instruiría os expedientes e prepararíalos para presentalos nas épocas nas que se reunira a Deputación. Ademais, no caso de ausencias ou enfermidades, sería substituído polo vicesecretario ou oficial maior do Goberno político<sup>67</sup>.

Por outra parte, os arts. 52 a 54 deste Proxecto de abril de 1842 establecían as regras que se aplicarían para suspender ou disolver unha corporación provincial. Sistematizando as súas regras cabe sinalar que:

■ a suspensión ou separación de deputados, tralo oportuno expediente, corresponderíalle ó Rei; aínda que este se lle debería remitir ó tribunal competente para que iniciara a causa antes de oito días dende a suspensión ou a separación do deputado.

■ a suspensión de toda a corporación, competíalle tamén ó rei, "si así lo creyese conveniente al bien del país". A suspensión

só podía durar dous meses, salvo que as Cortes non estiveran reunidas, posto que neste caso a suspensión continuaría ata que o Goberno presentara un proxecto de disolución<sup>68</sup>.

■ a disolución dunha deputación debería facerse por unha lei, en suma, corresponderíalles impoñe-la sanción máis grave ás Cortes<sup>69</sup>.

É moi significativo para comprende-lo proxecto en todo o relacionado coas atribucións destes corpos provinciais, un artigo publicado pouco despois de presentarse o texto ante o Senado, que no fondo me parece escrito por un dos redactores do proxecto ou quizais por algún dos administrativistas que daquela destacaban:

"Las atribuciones de las Diputaciones provinciales están distribuidas en tres clases o categorías: primera de las cosas que deben acordar y determinar definitivamente; segunda, de aquellas en que de los fallos o resoluciones de las mismas Diputaciones puede apelarse al Gobierno; y tercera, de las en que deben utilizarse las luces y conocimientos prácticos y locales de aquellas corporaciones. En esta clasificación se distingue la administración propiamente tal de la provincia y la administración general del Reino; esto es, los intereses generales o de orden público, y los particulares de una división territorial; los unos son morales y políticos, los otros positivos y materiales. Estos, que se hallan contenidos en los doce párrafos del art. 57, están encomendados exclusivamente a las Diputaciones provinciales; y su fallo, como ya hemos dicho, es en estas materias definitivo. Pero cuando se trata de intereses generales del Estado, como en los cuatro casos que expresa el art. 58, es decir, cuando los acuerdos de las Diputaciones recaen sobre repartimiento de hombres para el reemplazo del ejército, o sobre las contribuciones generales, provinciales o municipales, o sobre nulidad o validez de las actas de elección para diputados provinciales, o sobre demarcación de distritos electorales; entonces aun cuando la administración general se vale para la ejecución de las leyes de la capacidad y experiencia de los representantes de la provincia, conserva siempre el derecho de enmendar sus acuerdos y de revocar sus resoluciones... se asegura a las mismas el grado de emancipación que les corresponde, dejando al poder supremo, representante del orden público y encargado de la ejecución de las leyes, libre y expedita su acción para administrar y gobernar el país, y asegurar el cumplimiento de la ley. No es tan fácil deslindar las atribuciones de las Diputaciones provinciales como las de los ayuntamientos. La unidad municipal es un elemento constitutivo de la sociedad; la provincia no es más que una fracción de la sociedad ya constituida, una mera división administrativa; por eso las más veces se confunden sus intereses con los del Estado... y por consiguiente las facultades de las Diputaciones se modifican por necesidad según la naturaleza de los intereses que predominan"<sup>70</sup>.

<sup>68</sup> Fronte a estas posibilidades, o art. 43 do Proxecto de 1840 era máis conciso e propoñía unha solución máis inmediata, pois o xefe político "bajo su responsabilidad, y en casos muy graves, puede suspender las sesiones de la Diputación provincial y alguno o algunos de sus individuos, dando cuenta inmediatamente al Gobierno". Hai que destacar, sen embargo, que ó elevar un nivel a autoridade a quen lle correspondía suspende-los deputados -pois non se mencionan as sesións- e encomendárlle-la súa resolución definitiva ós tribunais -como recollera o art. 44 do Proxecto moderado-, se proporcionaban unha serie de garantías, que evitaban a discrecionalidade temperamental de calquera xefe político.

<sup>69</sup> Modificábase substancialmente o sistema proposto polo art. 44 do Proxecto de 1840, en virtude do que a disolución lle correspondería ó Rei, óndo o Consello de Estado. De novo se manifestaban os postulados progresistas, ó encomendarlle ó poder lexislativo e non ó executivo a sanción maior.



De acordo con estes principios, o art. 57 do proxecto establecía que “toca a las Diputaciones provinciales acordar y determinar definitivamente” –empregando a mesma expresión que xa utilizara o Real decreto do 21 de setembro de 1835<sup>71</sup>– sobre as seguintes materias: hora e local en que debían celebrarse as sesións; formación do regulamento que considerara necesario para a boa orde das sesións<sup>72</sup>; as reclamacións que os particulares fixesen contra os acordos dos concellos nas súas atribucións<sup>73</sup>; os impedimentos e excusas para servi-lo cargo de concelleiro<sup>74</sup>, ademais dos expedientes instruídos con motivo do cambio de veciñanza dalgún deles; inclusión ou exclusión nas listas electorais<sup>75</sup>; sistema de administración das propiedades provinciais, condicións do seu arrendo, nomeamento e soldo dos administradores; uso e destino dos edificios provinciais, así como os cambios ou permutas deles; litixios, accións activas ou pasivas que conviñera soste; aceptación ou renuncia de donativos, mandas ou legados á provincia; concesión ou denegación de moratorias e esperas para o pagamento de cantidades repartidas a unha vila para atende-los gastos provinciais<sup>76</sup>; e, condo-

<sup>70</sup> *Gaceta de Madrid*, 25 de abril de 1842, n.º 2754.

<sup>71</sup> No artigo da *Gaceta de Madrid* citado arriba interpretábase que ó predominar nas materias que se enumeraban os intereses locais e provinciais “en buena hora que la Diputación obre y resuelva sin restricciones y definitivamente”.

<sup>72</sup> Bastantes deputacións provinciais xa tiñan os seus propios regulamentos de réxime interior, polo que o proxecto só se limitaba a recoñece-la realidade existente.

<sup>73</sup> Admitíase, polo tanto, estes recursos en parecidos termos a como o fixeron a Instrucción de 1813 e a Lei de 1823; co fin de separarse das propostas moderadas que lles encomendaban esta facultade ós consellos provinciais ou á Comisión de tres membros da Deputación que prevía o art. 51 do Proxecto de 1840. O que se completaría co recollido no art. 62 do Proxecto de concellos do 13 de marzo de 1842: “si algún vecino u otro interesado se sintiere agraviado de los acuerdos y determinaciones del Ayuntamiento, podrá acudir en queja a la Diputación pro-

vincial o al jefe político, según que el caso corresponda a una u otra autoridad”; con independencia da posibilidade de defende-los seus acordos prevista no artigo seguinte. Incluso, o art. 57 deste último texto, despois de enumera-las atribucións que lles correspondían ós concellos, determinaba que “cuanto se acuerde sobre los diferentes objetos de que trata este artículo podrá llevarse a efecto, quedando sujeto, sin embargo, a la revisión, suspensión o reforma de la Diputación provincial, o el jefe político si hubiere reclamación en contra”. Ademais, establecíase outra serie de supostos nos que os concellos necesitaban a autorización das corporacións provinciais para adoptar algunhas medidas –o art. 50 esixía o consentimento da Deputación para depoñe-lo secretario- ou para que os seus acordos fosen executivos –art. 58–. Nos casos nos que os concellos faltaren ó cumprimento das súas obrigas, as sobrepasasen ou non executasen ordes superiores, as deputacións no seu ámbito competencial podían sancionala, a teor do art. 72 do Proxecto do 13 de marzo de 1842.

<sup>74</sup> O art. 16.4º do Proxecto de concellos de marzo de 1842 dispoñía que “la Diputación provincial, por causas especiales, podrá dispensar este requisito –saber leer y escribir– y el de los huecos y parentescos en los pueblos que no pasen de 1.000 vecinos, oyendo al Ayuntamiento”. O art. 17 enumeraba as causas de excusa; os arts. 43 e 44 obrigaban a comunicarlle á Deputación Provincial o escrutinio xeral das eleccións e das persoas elixidas para os oficios municipais; e, o art. 48 establecía de comunicarlle á Deputación a instalación do novo concello.

<sup>75</sup> Este asunto era bastante importante, xa que ó non atribuírselles ós xefes políticos e manterse a normativa existente naquel momento, se amparaba unha maior imparcialidade no proceso electoral. O art. 21 do Proxecto de concellos do 13 de marzo de 1842 dispuxo que os que non se conformasen coa resolución da corporación municipal acerca da resolución sobre as listas electorais dos veciños para a súa elección, poderían acudir á Deputación Provincial.

<sup>76</sup> Algunhas destas materias enumerábanse no art. 46 do Proxecto de 1840, en virtude do cal as deputacións podían “deliberar y acordar”, pero non definitivamente pois só se levarían a efecto despois de que as aprobase o rei ou o xefe político.

nación da cota correspondente a un pobo no repartimento de gastos provinciais<sup>77</sup>.

Como se pode comprobar, parece que se admiten unha serie de atribucións con relación a materias moi diferentes, pero que poden agruparse da seguinte maneira: réxime interno; resolución governativa de certos asuntos; administración do patrimonio provincial; e, xestión do orzamento provincial. Merece destacar o terceiro punto, que lles permitía ás deputacións resolver, dentro do marco das súas atribucións, as reclamacións feitas polos particulares contra os acordos municipais, facultade que se enmarca máis na liña trazada pola Lei de 1823, que polos proxectos moderados, dos que o proxecto que nos ocupa tomaba boa parte das materias<sup>78</sup>.

Nun ámbito diferente, encóntranse as facultades que lles atribúen ás deputacións o art. 58, xa que sobre as materias que este enuncia, aquelas "acuerdan y determinan", pero "contra sus decisiones puede recurrirse al Gobierno". Na interpretación oficial ou oficialista xa aludida, entendíase que nestas materias prevalecía o interese nacional e "*se convierten en meras deliberaciones, los acuerdos de las diputaciones*"<sup>79</sup>. Estes asuntos eran dos máis tradicionais encomendados ás ditas corporacións: reclamacións que fagan os concellos sobre a cantidade de homes que lles correspondese no repartimento da quinta do Exército; reclamacións dos pobos contra as cotas que lles correspondesen no repartimento de contribucións nas derramas de gastos provinciais<sup>80</sup>; validez ou nulidade das eleccións de deputados provinciais e aptitude legal destes; e, demarcacións de cabezas de distritos electorais. Para salva-la executoriedade inmediata das súas decisións nestas materias, o último parágrafo deste precepto determinaba a obrigatoriedade dos seus acordos ata que recara resolución en contrario do Goberno, para o suposto que foran recorridos<sup>81</sup>.

Por fin, os arts. 59 e 60 determinaban os casos en que as corporacións provinciais debían ser oídas e os casos en que debían emitir informes, que non é senón unha modalidade de audiencia. Nestes casos entendíase que os acordos das deputacións sobre estas materias quedaban reducidos a simples *dictames y consejos*<sup>82</sup>. Debían ser oídas: na determinación das condicións de acordo coas cales se debían poxa-las obras da provincia, aínda que se satisfixeran con fondos do Estado; na dirección que debían toma-los camiños que atravesaran a provincia; demarcación dos límites provinciais e sinalamento dos de partido; concesión de feiras e de mercados; creación, supresión ou agregación de concellos e sinalamento de termos xurisdiccionais; e, for-

<sup>77</sup> Hai que advertir que aínda que non aparece mencionado, o presuposto municipal despois de ser discutido e aprobado, "pasará a la aprobación de la Diputación provincial con el informe de los síndicos", e se os ingresos non cubrisen os gastos, o concello «propondrá a la Diputación provincial los medios de hacerlo por algún arbitrio o repartimiento vecinal» segundo os arts. 91 e 93 do Proxecto de concellos do 13 de marzo de 1842.

<sup>78</sup> Resulta curioso que mentres o art. 45 do Proxecto de 1840 sinalaba que as deputacións podían "acordar definitivamente" sobre repartimentos de quintas e contribucións; e, no art. 46 só *acordar* unha serie de puntos -propiedades provinciais, por exemplo-; agora o Proxecto do 18 de abril de 1842 permite que o acordo sexa definitivo.

<sup>79</sup> *Gaceta de Madrid*, 25 de abril de 1842, n.º 2754.

<sup>80</sup> Hai que advertir que estas materias eran das que o art. 45 do Proxecto de 1840 lles permitía ás deputacións "acordar y determinar definitivamente con arreglo a las leyes".

<sup>81</sup> Establecíase unha vía governativa na que se admitía un recurso de alzada contra a decisión da Deputación, a resolución do cal lle correspondía resolver ó Goberno. De novo, encontramos con coincidencias máis achegadas á Lei do 3 de febreiro de 1823 que ás concepcións moderadas do réxime provincial.

<sup>82</sup> *Gaceta de Madrid*, 25 de abril de 1842, n.º 2754.



mación da estatística e do censo de poboación<sup>83</sup>. Deberían emitir informes, ademais, sobre calquera asunto que estivera dentro das súas facultades, cando llo pedise o Goberno e o xefe político, porque xulgaran conveniente oílas<sup>84</sup>.

En todo caso, convén poñer en relación tamén as atribucións e materias encomendadas ás deputacións co art. 47 do proxecto, que facultaba o xefe político para executar os acordos da Deputación; e, ó mesmo tempo, co título II do Proxecto sobre gobernos políticos do 18 de abril de 1842, que lles concedía ós xefes políticos, entre outras, as seguintes atribucións: recadación e investimento dos fondos públicos; comunicarlles ós pobos as normas emanadas das autoridades civís; aprobar, en nome do Goberno, as contas de propios e arbitrios, despois de repasadas pola Deputación; da-lo seu parecer sobre o presuposto provincial e dos pobos ó remitilos á aprobación do Goberno; e, o servizo de bagaxes, aloxamentos e subministracións.

Merece tamén destacar que o art. 20 deste último proxecto citado, viña determinar que, "aun cuando el jefe político pida informe a la Diputación o ilustre la opinión de este cuerpo en las discusiones que preside, la responsabilidad de lo resuelto será de quien por la ley está obligado a deliberar sobre el asunto". A solución non parece clara, posto que habería que estar a cada caso en concreto, a cada unha das materias sobre as que recaera a potestade de ámbalas dúas autoridades, de modo que a responsabilidade sería de quen acordara dentro do marco das súas competencias. Desta maneira adoptábase unha solución similar á que xa establecera a Lei de 1823 para deslindar a responsabilidade de deputacións e xefes políticos, segundo a natureza do negocio.

O título VI e último, do mesmo xeito que fixeran os proxectos anteriores dende o elaborado pola Comisión do Congreso en 1838, dedicábase á formación e contido do presuposto provincial. O art. 61, en consonancia coa atribución á Deputación de certas facultades que os textos moderados lles entregaban ós xefes políticos, preceptuaba que nos primeiros días do período de sesións que comezaba o 19 de marzo<sup>85</sup>, a dita corporación se ocupara na formación discusión e votación do orzamento provincial que habería de rexer no ano seguinte. A aprobación deste mesmo correspondíalle ó Goberno, co cal se aceptaba o obxectivo final proposto desde 1838: o control centralizado da decisión económica das deputacións provinciais. Novo punto de acordo entre progresistas e moderados.

Os gastos podían ser obrigatorios e voluntarios de acordo co disposto nos arts. 62 e 63 do proxecto, que pola súa vez enu-

<sup>83</sup> Esta relación e a facultade concedida ás deputacións polo art. 59 do Proxecto de 1842 está, tamén, máis próxima á Lei de 3 de febreiro de 1823 que ás propostas moderadas elaboradas en 1838-40.

<sup>84</sup> A redacción do art. 60 do Proxecto de abril de 1842 difire do apartado 4 do art. 47 do Proxecto de 1840, xa que este se limitaba a indicar que "se oirá el informe de las Diputaciones provinciales... sobre cualquier otro asunto en que lo dispongan las leyes o tenga a bien el Gobierno oír su parecer".

<sup>85</sup> Existe unha contradicción entre os arts. 36 e 61 deste Proxecto en canto á fixación do día en que comezaba este período de sesión, posto que mentres o primeiro se refire ó 9 de marzo, o segundo faíno ó 19 do dito mes. Na miña opinión a dúbida debe salvarse a favor do día 9.

meraban os relacionados nos arts. 53 e 54 do Proxecto de 1840, tomados estes pola súa vez dos arts. 65 e 67 do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838, aínda que con lixeiras modificacións de redacción e algunha novidade que non afecta ó substancial.

Eran gastos obrigatorios os seguintes: os que esixiran a conservación de predios provinciais, como o alugueiro e reparación dos destinados a usos da provincia; pago de contribucións polas propiedades provinciais; débedas sobre a provincia e os seus réditos; quión repartido á provincia para mante-los presos das audiencias, "entre tanto no se prescriba por medio de outra ley la forma en que estas atenciones deben ser cubiertas"; conservación e reparación de pontes, camiños, obras provinciais, "o en lãs que entre a parte con el Estado o con otra provincia"; os necesarios para establecementos de beneficencia e instrucción pública, "o el suplemento de gastos cuando dichos establecimientos tengan rentas por sí y no sean suficientes"; os indispensables para as xuntas provinciais de beneficencia e agravios en materia de quintas; os destinados ás eleccións a Cortes; a subscrición ó boletín oficial, á Gaceta "y cualesquiera otros periódicos, obras, memorias o folletos que se publiquen de orden del Gobierno, y se consideren útiles y necesarias para el fomento del comercio, agricultura, industria, artes e instrucción pública"; as dotacións de médicos de baños, é dicir, de balnearios; os que ocasionen as epidemias ou pragas; e, tódolos demais que polas leis se prescribieran a cargo das deputacións. Tódolos que non se incluían na enumeración de gastos obrigatorios terían a consideración de gastos voluntarios, entendendo por tales os que tiveran un carácter extraordinario.

O art. 64 recollía a distinción entre ingresos ordinarios e extraordinarios<sup>86</sup>. O dito precepto e o seguinte reproducían literalmente os que enumeraban os arts. 56 e 57 do Proxecto do Goberno do 21 de marzo de 1840<sup>87</sup>.

Para os gastos voluntarios que pretendere facer a provincia e para os ingresos destinados a cubrilos, polo seu carácter extraordinario, como tamén para contraer préstamos, a provincia necesitaría a autorización das Cortes por medio dunha lei<sup>88</sup>. Pero cómo podería suceder que tódolos ingresos, ordinarios e extraordinarios, non foran suficientes para cubri-lo presuposto da provincia, o déficit salvaríase mediante unha contribución entre os pobos da mesma, "con arreglo a las bases de las contribuciones nacionales directas que corresponden a cada uno"<sup>89</sup>. Isto con independencia da facultade recoñecida ó Goberno de desbotar calquera partida de gastos ou ingresos voluntarios; e da

<sup>86</sup> Fiel reprodución do art. 55 do Proxecto de 1840.

<sup>87</sup> Considerábanse ordinarios: as rendas dos predios rústicos e urbanos que teña ou poida ter a provincia; o produto dos portádegos e portaxes provinciais, e calquera outros arbitrios legalmente establecidos para os seus gastos; os réditos de censos, capitais postos a interese, e de papel do Estado; e, todo imposto, dereito ou percepción autorizado polas leis. Mentres que se incluían na clase de extraordinarios: o prezo en venda dos predios rústicos e urbanos e demais dereitos que se alleen; os donativos, legados e mandas feitos á provincia; o capital dos censos que rediman e o valor do papel do listado que se allee; o produto dos empréstitos que se contraían; e, todo ingreso accidental.

<sup>88</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 68, que concorda co art. 61 do Proxecto de 1840.

<sup>89</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 69, que corresponde co art. 60 do Proxecto de 1840, aínda que neste, a aprobación lle correspondía ó Goberno.



posibilidade de aumenta-la parte referente a gastos obrigatorios. Neste último suposto, debería o Executivo darlle audiencia ó xefe político e á Deputación<sup>90</sup>.

Cando por calquera motivo imprevisto non se aprobase o presuposto antes de principia-lo ano, ordenábase que continuara rexendo o do ano anterior<sup>91</sup>.

A pesar de carecer de empregados propios a Deputación, establecíase que para a recadación dos fondos destinados a cubrir tódolos gastos e a cobranza dos ingresos ordinarios, a Deputación nomearía, baixo a súa responsabilidade, un recadador. Este estaría obrigado a prestar fianzas, a cobrar aqueles e gozaría dun tanto por cento do recadado<sup>92</sup>. O recadador non podía, baixo ningún pretexto, entregar cantidade ningunha sen a previa orde da Deputación, autorizada polo seu presidente, vicepresidente ou un vocal e o secretario. En caso de obrar contra esa prohibición, sería da súa conta a cantidade entregada<sup>93</sup>.

O art. 72 variaba de forma substancial o réxime de fiscalización das contas. Mentres os proxectos da Comisión do Congreso de 1838 e do Goberno de 1840 lle encomendaban a misión da súa presentación ó xefe político, agora será o recadador o obrigado a facelo nos primeiros días da primeira época de reunións do ano, coa conta do recadado e investido e a documentación que o xustificara. A Deputación nomearía, entre os seus membros, unha comisión que examinara e dictaminara as contas. Aprobadas pola corporación, pasaríanselle ó xefe para que as completara co informe e llas remitira ó Goberno para a súa aprobación definitiva. O último paso era a publicación do orzamento e das contas no *Boletín oficial da Provincia*<sup>94</sup>.

Concluía o Proxecto do 18 de abril de 1842 coa oportuna cláusula derogatoria da normativa vixente que fora contraria ó texto<sup>95</sup>. Resulta obvio que esta medida afectaba, sobre todo, á Lei do 3 de febreiro de 1823 contra a que se aliaron no esencial moderados e progresistas entre 1838 e 1845, máis alá das súas discrepancias sobre a prevalencia do xefe político sobre a Deputación, ou viceversa.

Concepción de Castro, ó referirse ós proxectos provincial e municipal, afirma que "ambos proxectos ofrecen un modelo liberal y prudentemente descentralizador que corrige las deficiencias imputables a la Ley de 1823"<sup>96</sup>. En efecto, fronte á mencionada Lei do trienio admítense unha maior intervención dos xefes políticos; redúcense e tásanse as sesións; e, sobre todo, redúcense as competencias das corporacións provinciais, pero non no extremo que se propuxera nos textos moderados. Fronte ós proxectos de 1838 e 1840, a estrutura dos cales copia con des-

<sup>90</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 67, que reproduce o art. 59 do Proxecto de 1840, salvo a facultade de reducir que este incluía.

<sup>91</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 66, reprodución do teor do art. 58 do Proxecto de 1840.

<sup>92</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 70. Os proxectos moderados encomendábanlle a xestión e a recadación ou á Tesourería de rendas da provincia ou á Pagaduría do Goberno político, posto que o obxectivo era controla-la súa actuación desde as oficinas provinciais do Executivo.

<sup>93</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 70. Os proxectos moderados encomendábanlle a xestión e recadación ou á Tesourería de rendas da provincia ou á Pagaduría do Goberno político, posto que o obxectivo era controla-la súa actuación desde as oficinas provinciais do Executivo.

<sup>94</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 73, que reproduce en termos similares o art. 65 do Proxecto de 1840.

<sup>95</sup> Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 74, copia literal do art. 66 do Proxecto de 1840.

<sup>96</sup> *La Revolución liberal*, páx. 163.

caro, ampliábase o número de deputados provinciais, as facultades das corporacións –en especial sobre recursos e reclamacións– aumentan, admítase que teñan unha burocracia para a xestión económica e regúlase a responsabilidade tanto das deputacións como dos xefes políticos<sup>97</sup>.

Na miña opinión, desde un punto de vista formal ou estrutural, segue o modelo do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838 a través do Proxecto do Goberno do 21 de marzo de 1840. Non obstante, desde un punto de vista material, o Proxecto afástase tanto da regulación do Trienio como dos proxectos moderados, para situarse máis na liña que marcara a Instrucción de 1813, pero adaptando esta concepción ós criterios dominantes na ciencia administrativa, ademais da lóxica acomodación ás novas circunstancias sociais e temporais.

Alejandro Oliván, para referirse ós proxectos municipal e provincial formados polo Goberno de Antonio González en 1842, achacáballes tres puntos débiles: a falta de claridade e explicación en materia de presupostos e contas, as atribucións impropriamente conferidas ás corporacións populares e a dependencia delas entre si. Aínda que non deixará de verse nelas “una tendencia reaccionaria a la centralización excesiva”, por atribuírle ó Goberno a aprobación dos orzamentos dos pobos e por someter a completa submisión as deputacións<sup>98</sup>.

<sup>97</sup> De CASTRO sostén que “las Diputaciones reciben unas facultades bastante amplias, tanto en lo que se refiere a la administración provincial como a la supervisión y control de la municipal, aunque siempre pueda recurrirse contra sus acuerdos de gobierno”, en *La Revolución liberal*, páx. 163. Reproduce esta idea sen cita-la súa autora e reitera o mesmo erro na mención da fonte con respecto ós diarios de sesións, que non é o do Congreso senón o do Senado, Manuel SANTANA MOLINA ó sinalar que “bajo la regencia de Espartero se presenta un Proyecto de Diputaciones con los dos aditamentos que van a identificar a las Corporaciones provinciales de índole progresista: amplia base de representación, en número y sistema de elección, y también un amplio espectro de facultades, tanto en lo que se refiere a la administración provincial como en lo relativo al control de los Ayuntamientos”, en *La Diputación provincial en la España decimonónica*, Madrid, 1989, páx. 115. Na miña opinión, sen embargo, o control sobre os concellos redúcese a acordar e determinar definitivamente sobre as reclamacións que os particulares fixesen contra os acordos dos concellos nas súas atribucións -xa que de momento non se consideraba a creación de consellos de provincia-, moratorias ou esperas para pago das cantidades repartidas a unha poboación por gastos provinciais ou condonación da cota repartida a un pobo na derrama de gastos provinciais (art. 57.3, 11 e 12); acordar e determinar, sen prexuízo do recurso ante o Goberno, as reclamacións dos concellos contra o repartimento da quinta de mozos e das contribucións (art. 58.1 e 2), e, ser oídas na creación, supresión ou agregación dos mesmos e sinalamento de termos (art. 59.5). Mentres que con referencia á Administración provincial, baste remitirse á interpretación que se facía no artigo da *Gaceta de Madrid* xa citado, aínda que resulta obvio a ampliación de facultades en relación coas propostas moderadas incluídas nos proxectos do Congreso de 1838 e do Goberno de 1840, para posterga-las atribucións que lles recoñecía a vixente Lei de 1823.



Defendería o principio polo que as ditas corporacións non debían ter funcións de execución, aínda que si de deliberación, regularización e de censura<sup>99</sup>. En consecuencia, sobre a Deputación debería recaer-la vixilancia dos intereses colectivos que afectarían ó todo ou a unha parte da provincia e tivesen que atenderse cos fondos desta, ademais do repartimento de contribucións<sup>100</sup>.

Para negárle-la facultade de alleamento, Oliván acode á súa orixe electiva e á gratuidade con que desempeñaban as súas funcións os deputados provinciais, o que impedía colocalas baixo a dependencia do Goberno ou os seus axentes, e sen que estes puideran asumir-la responsabilidade dos seus actos. Iso provocaba que as deputacións foran independentes e irresponsables. Consecuencia destas apreciacións, "es que la corporación administrativa provincial no puede tener atribuciones de resolución definitivas, si no acaso en los repartimientos ni tampoco le corresponde intervenir en los negocios políticos, como las elecciones a Cortes, que no debe ejercer autoridad sobre las corporaciones locales, pues todo eso es propio de la administración general responsable"<sup>101</sup>. Incluso, rexeitaba por inconstitucional o asento, voto –de calidade en caso de empate– e presidencia que os xefes políticos tiñan nas deputacións<sup>102</sup>.

Desde un punto de vista político, se o Proxecto do ano 1840 admitiu algúns aspectos do programa progresista, agora co Proxecto do 18 de abril de 1842 vai suceder o contrario, é dicir, vanse admitir criterios sostidos polos moderados. Quizais, en último termo, esa busca da transacción, sen perder de vista as propostas de cada ideoloxía, pretendía darlle saída a un proxecto capaz de atender-la necesidade de reforma-la Lei de 1823. A centrali-

<sup>98</sup> *De la administración pública con relación a España*, Estudio preliminar de Eduardo García de Enterría, Madrid, 1954, páxs. 252 a 254.

<sup>99</sup> Os principios que propoñía para que rexeran concellos e deputacións eran os seguintes: "no debiendo las corporaciones tener otras incumbencias que las que puedan cumplidamente desempeñar en beneficio público, nunca conviene atribuirles funciones de ejecución"; e, "consistiendo las funciones que según su índole y composición pueden desempeñar satisfactoriamente los cuerpos colegiados en las de deliberación, de regularización y de censura, esas son, y no otras, las que les convienen y corresponden", en *De la administración*, páxs. 254 a 256.

<sup>100</sup> *De la Administración*, páxs. 259 e 260.

<sup>101</sup> *De la administración*, páxs. 260 e 261. Para maior abastanza poñía de manifesto que "será bien hacer notar lo erróneo de la disposición contenida en los proyectos del Ministerio González, que requiere la intervención de una ley para la disolución de una Diputación provincial o de un ayuntamiento. La ley tiene por objeto derogar o modificar otra ley, crear derecho u obligaciones, pero de ninguna manera el cumplimiento de las leyes, que esa es simple medida de ejecución", en pág. 262.

<sup>102</sup> *De la administración*, páxs. 267 e 268.

zación, sen embargo, era admitida desde ámbolos dous lados, e o único que os diferenciaba era o grao que debía alcanzar.

Naquel momento, sen embargo, as protestas contra o Proxecto do Goberno non se fixeron esperar. Cabe mencionarl as reaccións, entre outras, das seguintes deputacións provinciais: Guadalaxara<sup>103</sup>, Soria<sup>104</sup>, Baleares<sup>105</sup>, Albacete<sup>106</sup>, Castellón<sup>107</sup>, A Coruña<sup>108</sup>, Xirona<sup>109</sup>, Granada, Huelva, Zaragoza<sup>110</sup> e Barcelona<sup>111</sup>. As numerosas críticas recibidas pola mingua de atribucións que supoñían para estes corpos e quizais tamén os precedentes políticos de 1840, deberon influír de maneira notable no ánimo do Goberno. A oposición ós proxectos baseábase na inclinación política que fixera caer o Goberno moderado, de maneira que a poboación se mostraba resentida ó admitir un gabinete progresista boa parte das propostas moderadas sobre o réxime provincial<sup>112</sup>. A busca dunha saída ós intentos de re-

<sup>103</sup> Non se fixo esperar a súa réplica contra o Proxecto sobre organización e atribucións dos corpos provinciais. Na sesión desta corporación do 24 de maio de 1842, despois dunha detida conferencia, acordouse dirixir ás Cortes unha exposición. O contido é o seguinte: "La Diputación provincial de Guadalajara ha visto con sentimiento los dos proyectos de ley presentados por el Gobierno para la nueva organización de ayuntamientos y Diputaciones provinciales. Después del Voto Nacional solemnemente manifestado en el pronunciamiento de septiembre de 1840, parecía imposible ver otra vez restringidos los derechos propios de estos cuerpos populares y reproducidos los principios que allí se condenaron. Llena de esperanzas esta Diputación en la sabiduría y patriotismo de las Cortes descansa tranquila en que, desechando ambos proyectos, pondrán en su lugar las verdaderas y naturales funciones de estas autoridades tutelares de los pueblos para que con desembarazo, y siempre, puedan sostener su libertad y proveer al bien estar y prosperidad de los mismos", en Arquivo da Deputación de Guadalaxara, leg. 621.1, Sección do 24 de maio de 1842. Publicada no *Boletín Oficial da Provincia* do 1 de xuño de 1842. D.S.S., seccións do 30 de maio e 20 de xuño de 1842, ns. 67 e 69, páxs. 1136 e 1160, respectivamente, na última sesión acordouse que pasará á Comisión especial de deputacións.

<sup>104</sup> D.S.S., Sección do 20 de xuño de 1842, n.º 69, páx. 1160.

<sup>105</sup> D.S.S., Sección do 21 de xuño de 1842, n.º 70, páx. 1177; e diarios de sesións do Congreso dos Deputados (=D.S.C.D.), Sección do 20 de xuño de 1842, n.º 128, páx. 3576.

<sup>106</sup> D.S.S., Sección do 21 de xuño de 1842, n.º 70, páx. 1178.

<sup>107</sup> D.S.C.D., Sección do 30 de maio e 20 de xuño de 1842, n.º 127 e 128, páxs. 3568 e 3576. Acusaba o proxecto de infrinxilo art. 71 da Constitución e de atacalo art. 5 do título I da mesma.

<sup>108</sup> D.S.C.D., Sección do 20 de xuño de 1842, n.º 128, páx. 3576.

<sup>109</sup> D.S.C.D., Sección do 23 de xuño de 1842, n.º 131, páx. 3665. Atácao por inconstitucional.

<sup>110</sup> D.S.C.D., Sección do 2 de xullo de 1842, n.º 138, páx. 3876.

<sup>111</sup> D.S.C.D., Sección do 13 de maio de 1842, n.º 114, páx. 3153. Consideraba esta Deputación que o proxecto era "un ataque manifesto a la Constitución, pues reduce a nulidad estos cuerpos, garantidos por el art. 69 de la Constitución. La Diputación provincial de Barcelona recuerda a las Cortes el alzamiento de 1 de septiembre de 1840 y las causas que lo produjeron".

<sup>112</sup> Para SANTANA MOLINA "el Proyecto tampoco llegó a aplicarse debido al pro-

ceso de la política de Espartero, primero, y de los sucesivos gobiernos de Joaquín M. López y Olózaga, después", en *La Diputación provincial*, páx. 116. Con independencia da vaga alusión que fai a tódolos acontecementos que sucederon entre o verán de 1842 e novembro de 1843 como fundamento da non promulgación do Proxecto de Facundo Infante, chama a atención o seu descoñecemento sobre a elaboración do Proxecto do 14 de novembro de 1842.



<sup>113</sup> “En el panorama político de la Regencia había, por lo tanto, una cuestión muy concreta que era necesario resolver con urgencia, a saber: la de la intensidad de la intervención y control del poder central sobre los Ayuntamientos y Diputaciones. Cuestión que escondía otra más profunda y abstracta: la de determinar hasta qué punto y en qué medida los pueblos y provincias se integraban en el Estado o eran meros satélites de él, cuerpos exteriores aunque sometidos a su influencia”, como puxo de manifesto NIETO, Alejandro, *Los primeros pasos del Estado constitucional*, Madrid, 1996, pág. 89.

<sup>114</sup> Hai que ter presente que a presidencia do Consello de Ministros a asumira Rodil, posto que Antonio González caera o 31 de maio. Os decretos que aceptaban as demisións dos ministros e o nomeamento dos seus substitutos, en *Gaceta de Madrid*, 17 de xuño de 1842, n.º 2807.

<sup>115</sup> D.S.S., Sección do 27 de xuño de 1842, n.º 72, pág. 1210.

<sup>116</sup> Arquivo do Congreso, serie xeral, leg. 104, n.º 344. Oficio do 1 de xullo de 1842. D.S.C.D., Sección do 3 de xullo de 1842, n.º 139, pág. 3904.

<sup>117</sup> Mariano Torres, Solanot fue designado en lugar de Facundo Infante como Ministro de la Gobernación de la Península, en *Gaceta de Madrid*, 17 de xuño de 1842, n.º 2807.

<sup>118</sup> *Gaceta de Madrid*, 6 de agosto de 1842, n.º 2857.

<sup>119</sup> D.S.S., Sección do 16 de novembro de 1842, n.º 5, pág. 16 e Apéndice terceiro. Pode consultarse tamén o seu texto íntegro en *Gaceta de Madrid*, 20 de novembro de 1842, n.º 2963.

<sup>120</sup> D.S.S., Sección do 17 de novembro de 1842, n.º 6, pág. 43 e Apéndice segundo.

forma, deu lugar a textos como o Proxecto de abril que recollen elementos de tódalas posicións ideolóxicas en conflito<sup>113</sup>. Pero non foi este o único proxecto que se presentaría en 1842.

O 17 de xuño deste ano era nomeado como presidente do Consello do Consello de Ministros o Marqués de Rodil<sup>114</sup>, aínda que de feito o Goberno continuara en mans de Espartero. Como efecto de tal cambio, na sesión que celebrou o Senado o 27 de xuño de 1842 deuse conta dun oficio do ministro da Gobernación da Península, con data do día anterior, no que anunciaba a resolución do Rexente, do novo gabinete en suma, de retiralos proxectos de deputacións e gobernos políticos “para que el Gobierno pueda tomarlo en consideración”<sup>115</sup>. Decisión que lle comunicou o Senado ó Congreso dos Deputados<sup>116</sup>. En xullo de 1842 clausurábanse as Cortes, en novembro volveríanse reunir pero por un curto espacio de tempo, xa que o 3 de xaneiro de 1843 se ordenaba a súa disolución.

Entremetres e como ocorrera con anterioridade, o novo ministro da Gobernación<sup>117</sup> a comezos de agosto nomeou unha comisión coa finalidade de proceder á redacción dun novo proxecto sobre deputacións provinciais e gobernos políticos, capaz de darlles resposta ás protestas das ditas corporacións e contar coa súa experiencia. Foron nomeados os senadores Álvaro Gómez Becerra e Juan Lasaña, e os deputados a Cortes Jacinto Félix Domenech e Francisco Quinto<sup>118</sup>. Os dous primeiros formaran parte da Comisión do Senado designada en abril para dictaminar sobre o proxecto presentado polo Goberno, na elaboración do cal participaron os dous deputados.

Con data 11 de novembro abría as súas sesións o Senado e non habían de transcorrer cinco sesións para que Mariano Torres y Solanot, ministro da Gobernación e senador pola provincia de Pontevedra, presentara un Proxecto de lei sobre organización e funcións das deputacións provinciais, que levaba data do 14 de novembro de 1842<sup>119</sup>. O día 16 leuse este proxecto, que quedaría completado con outro sobre autoridade e funcións dos xefes políticos, presentado ó día seguinte<sup>120</sup>. Como sucedera co anterior texto sobre organización e atribucións das deputacións, presentouse outro coa esperanza de logra-la súa promulgación e, a pesar diso, tivo o mesmo resultado. Tamén como o seu precedente, foi o Senado, a Cámara que recibiu en primeiro lugar o proxecto que elevara á consideración das Cortes o Goberno.

O día 20 de novembro nomeouse a Comisión que habería de dictaminar sobre ámbolos dous proxectos, e anque se nomearon como comisións diferentes estaban compostas polos

mesmos senadores. Esta comisión estaba formada por Juan La-saña, o conde de Soto-Ameno, Martín de los Heros, Rodrigo Valdés Bustos e Tomás Sánchez del Pozo<sup>121</sup>. Estes homes a penas tiveron ocasión de iniciar os seus traballos posto que, se ben as Cortes foron disoltas o 3 de xaneiro de 1843, o Senado celebrou a súa última sesión o día 22 de novembro.

A pesar diso, cabe destacar dúas notas da nova proposta: a declaración implícita do Goberno da imperiosa necesidade e urxencia para dotar de novas leis a Administración provincial, xa sentida había anos e manifestou tamén despois, o que pode comprobarse pola rapidez con que se presentou este segundo Proxecto de 1842, a penas abertas as sesións das Cortes; e, en segundo lugar, o camiño que seguiría, que non é outro que o dos seus inmediatos antecesores, é dicir, non chegar a ser discutido e quedar esquecido nas páxinas do *Diario de sesións*<sup>122</sup>.

As numerosas críticas que caeron sobre o Proxecto do 18 de abril motivaron que o presentado en novembro fora moito máis progresista. Encomendáballes ás corporacións provinciais algunhas das facultades que os proxectos elaborados desde 1838 lles quitaban, e mantíñase máis na liña da Lei do 3 de febreiro de 1823, aínda que admitindo algún postulado moderado.

En opinión do Goberno, cada provincia era un centro de acción para que aquel cumprira as súas funcións e, pola súa vez, un ente que, na súa demarcación, tiña unha vida independente. Dúas son as consideracións esenciais do Proxecto de novembro a teor do disposto na súa exposición:

■ Conservar para o Rei, isto é, para o Goberno as prerrogativas que a Constitución lle outorgaba e, por iso, se considera a provincia como un centro de acción que lle facilitaba ó Executivo o cumprimento das súas funcións.

■ darlles "a los intereses provinciales legítimos la anchura necesaria para que no sean ahogados bajo el peso abrumador de una centralización rigurosa", de onde deriva que a provincia adquira unha vida política, administrativa e civil, independente da acción central que na súa demarcación tiña o Goberno para facer posible o exercicio do Poder executivo.

Desde un punto de vista formal, consta o proxecto de once títulos e uns artigos transitorios, que en conxunto suman 77 artigos. As rúbricas dos títulos son as seguintes: organización das deputacións provinciais; das calidades necesarias para ser deputado provincial; da elección de deputados provinciais; da instalación das deputacións provinciais e da admisión de deputados; do presidente e vicepresidente; dos deputados; das sesións; atribucións das deputacións provinciais; dos suplentes; da

<sup>121</sup> D.S.S., n.º 7, páx. 50. Repetían dous dos senadores que foran designados para dictaminalo anterior proxecto: De los Heros e Soto-Ameno.

<sup>122</sup> Neste sentido o parágrafo primeiro da exposición que precede o Proxecto afirma: "Al retirar el Gobierno el proyecto de ley sobre organización y funciones de las Diputaciones provinciales, presentado en la anterior legislatura, contrajo el deber de revisarlo para poder proponer la reforma que imperiosamente reclama la legislación actual, cuya insuficiencia y defectos por todos son reconocidos. Graves son las dificultades que desde luego se ofrecen a la formación de esta ley tan apetecida, y de tan mala suerte en sus diferentes ensayos. El Gobierno ha procurado vencerlo". D.S.S., Sección do 16 de novembro de 1842, n.º 5, Apéndice terceiro.



recadación dos fondos provinciais; e, da responsabilidade dos deputados provinciais. A estrutura só respectou algunhas rúbricas, modificou outras e introduciu algunhas novidades, a pesar de manter un número de artigos similar ó do proxecto precedente.

Como pode comprobarse, nunha primeira aproximación, moitas eran as diferencias cos proxectos anteriores que seguiran o proxecto da Comisión do Congreso de 1838. Pero, entrando en aspectos materiais ou substanciais, tamén son numerosas as diferencias. Cabe mencionar que no comezo dun dos parágrafos da exposición que precede o proxecto se manifesta que “siendo las diputaciones provinciales a la vez corporaciones deliberantes y ejecutivas...” Deste xeito prodúcese unha importante ruptura coa pretendida natureza consultiva que os moderados lles atribuían a estes corpos provinciais nos proxectos de Silvela, da Comisión do Congreso de 1838 e do Goberno de 1840. O reflexo das críticas enviadas polas deputacións provinciais e o desexo de satisfacelas, posto que en boa medida sostiñan o Gabinete, son explícitos en materia de atribucións. Estas razóns motivaron a inclusión dunha longa exposición de motivos coa finalidade de xustificá-las novidades.

O art. 1 do proxecto que agora nos ocupa, marca unha das diferencias substanciais cos demais textos e constitúe unha das principais innovacións que se pretenderon introducir. O primeiro inciso xa era bastante expresivo: “El número de individuos de que se ha de componer cada Diputación provincial se determina por la población de la provincia”. Para a súa determinación, o dito precepto ordenaba estar ó censo que rexera na elección a Cortes, de acordo coa seguinte escala:

Ata	200.000	almas	7	deputados
De	200.001 a 240.000	“	8	“
De	240.001 a 280.000	“	9	“
De	280.001 a 320.000	“	10	“
De	320.001 a 360.000	“	11	“
De	360.001 a 400.000	“	12	“
De	400.000 arriba	“	13	“

O Goberno xustificaba esta innovación, en virtude da que se pretendía atende-la poboación e non as demarcacións xudiciais para a determinación do número de deputados, porque era de xustiza, igualdade e analoxía coa elección de Deputados a Cortes. Ademais, sinalaba a exposición do proxecto que, “reformando, pues, la ley en este punto, se pone más en consonancia con nuestra organización política, y se da a las personas la representación que hasta aquí se daba a las localidades”<sup>123</sup>. Esta representación favorecía os grandes núcleos urbanos, é dicir, os

<sup>123</sup> Rompiase a regra dun deputado por partido, criticada porque os partidos na súa “creación han atendido principalmente a la situación local, y a diferente objeto, son muy desiguales en población”.

partidos das capitais, aínda cando estas xa se viran favorecidas se contaban con máis dun xulgado de primeira instancia.

Respecto da fixación do número de deputados dentro dun máximo e dun mínimo, xustificábase en que o curto número podía impedi-las deliberacións, e o amplo complicar ou embara-las discusións e a rapidez indispensables. Os límites inferior e superior de deputados foran xa obxectos de discusión noutros momentos históricos<sup>124</sup>.

O cargo de deputado provincial era, como viña establecido en tódolos textos que precederon este proxecto, honorífico, gratuito e obrigatorio<sup>125</sup>. Ós seus dereitos e deberes dedicábanse-lles os arts. 40 a 43, que son os que compoñen o título VI, anque fan referencia, de forma case exclusiva ó deber de asistencia. En efecto, determinábase a obriga de concorrer á capital cando a corporación tivese que celebra-las súas sesións<sup>126</sup>. Se por calquera impedimento non puidesen asistir, poñeríano en coñecemento da Deputación por medio do seu presidente<sup>127</sup>; aínda que unha vez abertas as sesións non poderían ausentarse da capital sen o coñecemento e permiso daquela<sup>128</sup>.

A determinación da precedencia entre os mesmos deputados, o art. 43 dispoñía que habería que atender á "antigüedad de su entrada en la Diputación, y si entran muchos el mismo día, por la mayor edad". Esta regra protocolaria non se recollera nunca, salvo as referencias ó deputado nomeado en primeiro lugar ou ó de maior idade para a suplencia na presidencia. A única regra protocolaria que si era coñecida, era a relativa á presidencia do xefe e á precedencia da Deputación, en canto corporación, sobre calquera concello, recollida na Lei de 1823.

Para ser deputado provincial, o art. 8 do Proxecto de finais de 1842 esixía a concorrencia dos seguintes requisitos: ser elector a Cortes; ter veciñanza actual na provincia; e, ademais, a concorrencia dunha destas dúas notas: ser natural dela ou residir nela "por espacio de tres años continuos en cualquier tiempo después de cumplir la edad de 18 años". Este último requisito ampliaba de modo considerable as posibilidades para ser elixido, posto que non se esixía, como en textos anteriores<sup>129</sup>, a residencia inmediatamente anterior á designación senón en calquera momento despois de cumprila idade mínima esixida, anque despois vivira fóra.

Non podían ser deputados provinciais, por exclusión legal: os deputados a Cortes e os senadores; os administradores, arrendatarios e os seus fiadores dos predios ou arbitrios da provincia; os contratistas e os seus fiadores de obras públicas provinciais; os que perciban soldos ou outras retribucións con cargo ós fon-

<sup>124</sup> Nos debates do texto constitucional gaditano chegouse a proponse un máximo de trece individuos, pero fixouse en sete. A partir de 1835 fixouse no número de partidos xudiciais. O art. 2 da Proposición de Silvela de 1838 optaba porque se computara de tantos individuos cantos foren os partidos administrativos sen que baixara en ningún caso de trece nin excedera de vinte.

<sup>125</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 6, que reproduce os arts. 3 dos proxectos de 1840 e abril de 1842.

<sup>126</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 40, que obrigaba a asistir "con puntualidad en desempeño de su honroso cargo".

<sup>127</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 41.

<sup>128</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 42.

<sup>129</sup> Cotéxese co art. 6 do Proxecto do 18 de abril de 1842, por exemplo.



dos provinciais ou municipais; os empregados do Estado ou da Casa Real en activo; e, os ordenados *in sacris* e os tonsurados que gocen do foro eclesiástico, ademais dos regulares profesos secularizados ou exlastrados<sup>130</sup>. No fundamental quedarían reducidos ás seguintes categorías, como recollía o art. 7 do Proxecto do 18 de abril de 1842: membros das Cortes, persoas relacionadas ou que manexaran fondos económicos das provincias, os funcionarios dalgunhas administracións e os eclesiásticos en sentido lato. Estes últimos eran os máis afectados, xa que se estendeu a mención a outros que non só eran os ordenados, consecuencia da animadversión progresista polo eclesiástico ós citados en último lugar.

Os que foron designados, podían escusarse ou renunciar ó seu emprego, alegando algunha das causas seguintes: sexaxenarios, polo que se mantiña a idade que recolleran textos anteriores; os deputados que desempeñaron o seu encargo por dous anos como mínimo, foran reelixidos sen gardar un oco doutros dous; os individuos dos concellos que o foran polo menos por oito meses, e foran designados sen transcorrer un ano de oco desde que cesaron naqueles; e, os que foran elixidos deputados ou senadores, polo menos nunha lexislatura, se foran designados antes de transcorrer un ano de oco<sup>131</sup>. Ampliábanse, tamén, neste caso os supostos de escusa, que afectaban ós edís municipais e ós deputados provinciais, se ben coa limitación de estar un mínimo de tempo desempeñando as súas atribucións, que varían de acordo co cargo que exerceran con anterioridade.

Por outro lado, debe facerse notar xa, anque logo me estenderei sobre iso, que no Proxecto governativo de novembro de 1842 non se mencionarán como membros da Deputación nin o xefe político, nin o intendente, en contra do sistema establecido desde a Constitución gaditana. Se ben o art. 4 determinaba que cando concorrera o xefe político, ou quen fixera as súas veces, presidiría a Deputación sen voto, "pero exerciendo todas las funciones y autoridad del presidente", é dicir, que si lle correspondía a dirección das discusións en caso de acudir.

Como consecuencia do exposto, o art. 3 dispoñía que a Deputación tivera un presidente e un vicepresidente elixidos de entre os propios deputados<sup>132</sup>. A solución adoptada, por tanto, era a proposta dos textos moderados de Silvela<sup>133</sup> e da Comisión do Congreso en 1838<sup>134</sup>. ¿Concesión ós moderados? Sen ningunha dúbida. Fronte á imposibilidade de reducir as atribucións destas corporacións, a súa presidencia non era obxecto de tan viva discusión. De novo as transaccións entre postulados de moderados e progresistas.

<sup>130</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 9.

<sup>131</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 10. Esta relación estaba moito máis matizada cá do art. 8 do Proxecto de abril.

<sup>132</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 30.

<sup>133</sup> O seu art. 15 dispoñía que "en la primera reunión de los diputados provinciales, presididos por el de mayor edad, y haciendo de secretario el más joven, nombrarán de entre ellos mismos su presidente y su secretario para cada sesión o temporada".

<sup>134</sup> O seu art. 5 dispoñía que "el Presidente y el Secretario de la Diputación serán de elección libre de los individuos de la misma".

As facultades destas novas figuras recolléronse nun título propio. De acordo co art. 37 do Proxecto de novembro, a duración nos seus respectivos cargos sería dun ano natural contado desde o día do seu nomeamento, anque podían ser reelixidos. Ó presidente, segundo o art. 38, correspondíanlle as seguintes atribucións: abrir, pechar, dirixir, mante-la orde e a regularidade nas sesións, sempre que non asistira o xefe político ou quen fixera as súas veces; abrir, con asistencia do secretario, a correspondencia dirixida tanto a el como á Deputación, dándolle o debido curso; asinar co secretario a correspondencia acordada pola corporación, e a que fora necesaria para executar os seus acordos; exercer unha *inspección vixiante* sobre o edificio da Deputación, as súas oficinas e empregados, dándolle conta a aquela do que for necesario. Esta misión, se o presidente ou o vicepresidente non residiran na capital desempeñaríaa un dos vocais que residira nela e a Deputación; como tamén convocar os deputados cando o dispuxera o Rei ou por solicitude do xefe político. En caso de non poder desempeñar o presidente estas funcións, faríaa o vicepresidente<sup>135</sup>.

¿Cal foi o motivo que dera lugar a que o xefe político e o intendente foran desprazados das deputacións? A exposición que precede o proxecto, nunha interpretación restrictiva do art. 69 da Constitución, poñía de manifesto que se as deputacións provinciais eran nomeadas polos mesmos electores de Cortes, e "aunque las Cortes constituyentes no aplicaron tan estrechamente este artículo, ha creído el Gobierno que debía negarse el carácter de individuos de las Diputaciones a los jefes políticos, a los intendentes o a los que hagan sus veces, porque es mejor entender literalmente el texto constitucional que sujetarlo a interpretaciones arbitrarias que podían desvirtuarlo". A pesar de tal razoamento, cómpre poñer en relación os arts. 4 do Proxecto de deputacións do 14 de novembro e 12 do texto sobre autoridade e funcións dos xefes políticos do 17 de novembro de 1842, xa que mentres o primeiro se limita a admitir a posibilidade de asistencia do delegado gubernativo –"cuando concurra el jefe político las presidirá sin voto"–, o segundo era tallante: "Concurrirán los jefes políticos a todas las sesiones de las Diputaciones provinciales y no dejarán de hacerlo sino por motivos graves, de que darán conocimiento al Gobierno, o por ocupación en otros negocios importantes y urgentes". Deste xeito a presidencia real continuábaa desempeñando o xefe político, a través do que o Goberno podía seguir controlando, polo menos, as deliberacións e a orientación política das deputacións<sup>136</sup>.

Completaba a organización das deputacións, o seu aparello

<sup>135</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 39.

<sup>136</sup> A propia exposición o ratificaba de modo implícito ó afirmar que, "si en consecuencia de la disposición constitucional se quita a los jefes políticos el carácter de miembros de las Diputaciones, es muy conveniente que tengan conocimiento de sus deliberaciones y acuerdos: de otro modo no podría el Gobierno ejercitar la facultad que el art. 45 de la Constitución... Así oportunamente pueden prevenirse los extravíos y abusos, que no es de esperar se presenten con frecuencia".



burocrático. Nos proxectos anteriores, desde o de Silvela de 1838, ou se ordenaba desaparecer ou lle encomendaban estas tarefas á secretaría do Goberno político. O art. 5 do Proxecto de novembro de 1842 non só prevía a súa existencia, senón que sinalaba que as deputacións terían un secretario, un vicesecretario que sería o oficial maior “y los demás dependientes que necesite”. Apréciase certa similitude co que xa determinara respecto disto a Lei de 1823, anque esta falara de dous oficiais e salvara a posibilidade de ampliar ese número de acordo coas necesidades da propia Deputación. Parece que a admisión dunha oficina propia se encontraba dentro das concesións a estes corpos provinciais. O nomeamento e cesamento dos ditos empregados corresponderíalle á Deputación, así como a fixación do seu soldo ou calquera outro tipo de remuneración<sup>137</sup>. Sobre as funcións ou misións que terían que desempeñar, só se recolle que o secretario elaboraría a acta de cada sesión e asinaría diversa documentación<sup>138</sup>.

Respecto das eleccións, o art. 7 deste proxecto dispoñía a renovación total das deputacións cando se fixeran as eleccións a Cortes, coa obriga de cesar e disolverse na véspera do día en que comezaran as eleccións para substituílas. O Goberno afirmaba na súa exposición, que das diversas combinacións que podían seguirse, adoptara a que parecía derivarse do “nombre mismo que llevan estas corporaciones populares, su carácter de representación y la comunidad de origen con el Congreso”. De modo que esta simultaneidade na elección facilitaríase que tanto as corporacións provinciais como as Cortes representaran unha mesma opinión que, é obvio, sería a maioritaria. Con iso conseguiríase “una perfecta armonía muy conveniente para que no encuentren obstáculos la marcha de los altos poderes del Estado y la ejecución de sus resoluciones”. Nunca se expuxera de maneira tan explícita en ningún texto lexislativo, se ben en tódalas épocas se tratara de que así resultara na práctica. A indeterminación nos prazos de renovación era manifesta, a pesar do previsto nos arts. 11 a 14 do Proxecto de novembro. Con iso optábase por unha nova vía descoñecida ata entón, xa que as propostas desde 1838 marcaran prazos concretos.

O título III deste proxecto era o que desenvolvía o procedemento para verifica-las eleccións provinciais. Os arts. 11 a 13 dispoñían as regras que se van seguir nas eleccións ordinarias para comeza-la renovación de tódalas deputacións:

■ na Península, “en igual día de la segunda semana siguiente al de la publicación en la Gaceta de la Real convocatoria para la reunión de las Cortes y las elecciones generales, de manera que

<sup>137</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 58, n.º 4.

<sup>138</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 51.

publicada la convocatoria el domingo primero de junio, deben empezar las elecciones el domingo quince del mismo mes". Computábase, polo tanto, de data a data.

■ en Baleares e Canarias, por razóns evidentes, desde o día en que chegara ás súas capitais a Gaceta que contivera a convocatoria<sup>139</sup>.

■ como excepción, se sucedera que o Rei non convocara as Cortes antes do 1 de decembro e nese mesmo ano concluíran o seu encargo os Deputados do Congreso, as eleccións para designalos novos comezarían o 1 de outubro; mentres que as de deputacións empezarían, tanto na Península como nas illas adxacentes, o terceiro domingo de setembro, reuníndose os electores, sen necesidade de convocatoria<sup>140</sup>.

Do que se trataba era de anticipar as eleccións de deputacións coa finalidade de non entorpecelas de Cortes, en boa medida porque as ditas corporacións tiñan unha participación intensa nas eleccións xerais<sup>141</sup>. O sinalamento destes prazos, dicía a exposición que precedía o articulado, axustara "a la necesidad de estrecharlos en cuanto cupiese para que de este modo no se detuvieran las operaciones de la renovación del Congreso de los Diputados". Deste modo, ademais, anticipábase o coñecemento dun posible cambio na composición das cámaras, permitindo a intervención directa do Goberno, os seus axentes e outra serie de personaxes para remedialo co obxectivo de continuar no poder.

Isto polo que se refire ás eleccións ordinarias. Para as eleccións extraordinarias -fóra do prazo legal previsto- ou particulares dalgunha provincia, para designar a todos ou a algún dos deputados provinciais, a elección comezaría o día que dispuxere o xefe político, "dentro de los quince primeros siguientes al en que reciba el aviso oficial del suceso o de la disposición que haga necesaria la elección"<sup>142</sup>.

Non só se debería elixirlos deputados propietarios, senón que o seu art. 16 ordenaba que se elixiran igual número de suplentes, da mesma maneira que xa previran diferentes textos anteriores. Serían chamados para ocupar o posto dos primeiros cando quedara vacante por calquera causa; e, cando fora suspendido o propietario, anque neste caso só serviría o seu encargo durante o tempo que durara a suspensión<sup>143</sup>.

Co fin de determinar o número de electores, rexerían as últimas listas que serviron para as eleccións a Cortes, coas debidas rectificacións<sup>144</sup>. Norma obvia, porque os electores dunha e doutra institución eran os mesmos.

Para facelas eleccións, as provincias dividiríanse en tantas

<sup>139</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 12.

<sup>140</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 13, que se remite ó art. 27 da Constitución.

<sup>141</sup> A exposición do texto apuntaba o seguinte razoamento: "Variando la forma en cuanto a que los Diputados a Cortes sean elegidos por provincias, y los provinciales por demarcaciones no es posible que las elecciones se hagan simultáneamente. El Gobierno cree que deben anticiparse las de los diputados provinciales, estrechando los términos para que entren en el que debe mediar desde la Real convocatoria hasta la reunión de Cortes. Esto lo aconseja el influjo e intervención que la ley electoral da a las Diputaciones en las elecciones de Diputados a Cortes y propuestas de Senadores; y ya que sea imposible evitarlo, ejerzan las nuevas Diputaciones, expresión de la opinión presente del cuerpo electoral".

<sup>142</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 14. Modificábase profundamente o contido dos arts. 9 e 12 do Proxecto de abril daquel ano.

<sup>143</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, título IX, arts. 63 e 64.

<sup>144</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 15.

<sup>145</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 2.

<sup>146</sup> A exposición manifestaba respecto disto: "Los otros artículos del Proyecto suponen hecha la división de las provincias en demarcaciones, y de las demarcaciones en distritos electorales.



Pero esta división no está hecha, y ha parecido conveniente dar la iniciativa a las Diputaciones provinciales, concediendo la aprobación al Gobierno dando cuenta a las Cortes. Así, al mismo tiempo que se consulta a la brevedad y a la urgencia, pueden ejercitar las Cortes las atribuciones que les corresponden, conservando salvas e ileas sus facultades”.

<sup>147</sup> Proposición de Silvela, art. 2: “Se compondrá de tantos individuos cuantos sean los partidos administrativos en que se halle dividida la provincia... Los partidos administrativos serán por ahora los judiciales”. Reproducido no art. 2 do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838.

<sup>148</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 17. Existe unha diferenza substancial co art. 13 do Proxecto do 18 de abril de 1842 que fixaba a hora da reunión e a presidencia da mesa electoral.

<sup>149</sup> O art. 18 do Proxecto do 14 de novembro de 1842 dispoñía: “Las elecciones de diputados provinciales durarán tres días, empezando por la formación de la mesa, en lo cual se invertirá el tiempo necesario, aunque exceda de una hora, pero concluyendola en el primer día”. Hai unha redución do período electoral proposto noutros textos xa que, por exemplo, o art. 13 do Proxecto de abril establecía que as eleccións duraran catro días.

<sup>150</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 19.

<sup>151</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 19. A solución contraria propuxéaa o art. 17 do texto de abril.

demarcacións de poboación, aproximadamente iguais, como número de deputados compuxesen a corporación, de conformidade coa táboa máis arriba mencionada, de modo que cada unha destas circunscricións elixira un deputado<sup>145</sup>. Como podían existir problemas na división destas demarcacións, os arts. 75 e 76, incluídos dentro do grupo final dos preceptos transitorios, dispoñían que despois da promulgación da lei, as deputacións procederían a dividi-las provincias en demarcacións e estas en distritos electorais do modo máis conveniente, cómodo e beneficioso para as vilas. Esa operación debería realizarse no prazo de vinte días. O expediente da división remitiríase ó Goberno para que o aprobara e lles dera conta diso ás Cortes<sup>146</sup>.

En realidade estábanse establecendo os requisitos necesarios para crea-los partidos administrativos que se pretenderon implantar cos textos moderados de 1838<sup>147</sup>. As demarcacións son circunscricións determinadas de forma aleatoria, dunha poboación aproximadamente igual, que poderían coincidir ou non cos partidos xudiciais existentes. Aquelas serían as grandes divisións da provincia e o número destas variaría entre 7 e 13. Pero como podía ser molesto ou difícil que os electores dunha demarcación acudiran á cabeza, establecíase o sistema xa coñecido de dividir estas circunscricións noutras inferiores que serían os distritos electorais. Hai que ter tamén presente que a división en demarcacións se facía atendendo ó número de almas ou de habitantes, non ó de electores.

O día fixado para inicia-las eleccións, acudirían os electores ás súas respectivas cabezas de distrito<sup>148</sup>. O período electoral duraría tres días, e dedicaríase o tempo que fora necesario do primeiro día para a formación da mesa<sup>149</sup>. Ata ese momento, era tradicional dedicar-lles un día máis ás votacións, para o que se destinaba como facía este proxecto, o primeiro á formación da mesa.

Nas papeletas expresaríanse os nomes do deputado propietario e suplente, coa advertencia de que se contiver máis nomes, só valerían os dous primeiros, e serían nulos os demais<sup>150</sup>. Deste xeito, a case totalidade das papeletas serían admitidas, anque só se lles dese validez a eses dous primeiros nomes<sup>151</sup>.

O terceiro día despois de realiza-lo escrutinio xeral do distrito, ás dez da mañá reuniríanse os comisionados de cada un dos que formaran a demarcación na vila cabeza desta, coas actas respectivas. Se non puideran concorrer a esta localidade, remitiríanlle a acta ó alcalde do concello cabeza de partido. Para verifica-lo escrutinio xeral da demarcación formaríase unha xunta composta polos comisionados e polos membros do con-

cello, baixo a presidencia do seu alcalde, se ben só terían voto os representantes dos distritos. Non obstante, se a unha localidade, pola súa numerosa poboación, lle correspondera nomear máis dun deputado, o concello dividiríase en tantas seccións cantas foren as demarcacións, concorrendo deste modo ós respectivos escrutinios<sup>152</sup>.

Esta xunta comezaría por nomear entre os comisionados un secretario, facendo os demais de escrutadores. De modo inmediato e sen interrupción, faríanse separadamente os escrutinios de deputado propietario e suplente. Resultarían elixidos para cada caso os que maior número de votos obtiveren<sup>153</sup>. Unha vez concluído o escrutinio xeral da demarcación, elaboraría-se a acta electoral e dúas copias, asinadas polo presidente, os escrutadores e o secretario. As copias debíanse enviar sen demora á Deputación e ó xefe político<sup>154</sup>. Ó mesmo tempo o alcalde citado, como presidente, avisaría sen tardanza e por medio de oficios os deputados propietario e suplente electos, “advirtiendo al primero, cuando las elecciones sean ordinarias, que para el sexto día debe hallarse en la capital de la provincia”. A mesma advertencia lle faría se as eleccións foren extraordinarias e a Deputación estiver reunida<sup>155</sup>.

A resolución das dúbidas e reclamacións que ocorreren durante a elección, resolveríase a Xunta Xeral da Demarcación ou as mesas de distrito. Diso debían deixar constancia nas actas coa debida expresión e claridade. As resolucións adoptaríanse por maioría de votos e, en caso de empate, decidiría o presidente da mesa nos distritos ou o comisionado de máis idade na Xunta de demarcación. En todo caso o que non podía facer a Xunta Xeral de Demarcación era anula-la acta electoral de ningún distrito<sup>156</sup>.

Cotexando o articulado deste título III con outros textos anteriores evidéncianse numerosas lagoas. Por exemplo e por só citar unha delas: a publicación das listas electorais e dos escrutinios. Quizais esta foi a razón de incluír unha cláusula de remisión á lei electoral que rexera “en todo lo demás no prescrito especialmente en esta ley”<sup>157</sup>.

Concluídas estas operacións e para verifica-la instalación da Deputación, debían acudir os deputados electos á capital dentro dos seis días seguintes ó que recibiran o oficio do seu nomeamento. Unha vez reunida a maioría deles, constituiríanse en xunta preparatoria, que presidiría, se non concorrera o xefe político, o deputado máis ancián e faría de secretario o que o fora da Deputación<sup>158</sup>. Esta xunta nomearía unha comisión composta por tres individuos, que debía examina-la legalidade das

<sup>152</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, arts. 20 e 21. En termos similares ós arts. 20 a 23 do Proxecto do 18 de abril de 1842.

<sup>153</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 22.

<sup>154</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 24. No texto do 18 de abril establecerase que as dúas copias se lle enviarían ó xefe, que lle pasaría unha á Deputación.

<sup>155</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 25. Solución diferente á adoptada no art. 32 do Proxecto do 18 de abril.

<sup>156</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 23.

<sup>157</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, o art. 26.



eleccións e as calidades dos demais deputados<sup>159</sup>. Tamén se nomearía unha comisión de tres membros que examinara se concorrían os requisitos necesarios nos da primeira. Tralo que se suspendería este acto de instalación, para que ámbalas dúas comisións presentaran os seus dictames<sup>160</sup>. Reunida de novo esta xunta preparatoria, resolveríase sobre o dictame relativo ós tres deputados da primeira comisión, e solucionaríase o correspondente á aprobación das súas actas e admisión dos electos que se presentasen despois do resolto por aqueles<sup>161</sup>. Verificada esta operación, e na mesma sesión, nomearíase o presidente e o vicepresidente, co que quedaría a Deputación instalada de forma definitiva<sup>162</sup>. Esta regulación recoñecía, con algunha precisión, a realidade vixente sobre a legalidade das actas presentadas.

Estas eran as regras no suposto de renovación ordinaria, porque se fora extraordinaria a instalación verificaríase a partir do décimo quinto día, salvo que o xefe político abreviara os prazos por esixencia dos negocios públicos<sup>163</sup>.

Os arts. 32 e 33 do proxecto regulaban a instalación da Deputación no suposto de renovación parcial da maior parte da Deputación. Os que quedaren concorrerían á xunta preparatoria, que presidiría o presidente, o vicepresidente ou o deputado máis ancián dos que subsistiran, pero salvando a presidencia do xefe político se asistira. As comisións de revisión de actas electorais estarían formadas polos que quedaran, e se non fosen suficientes, completaríanse cos que se acaban de elixir –presuntos denomínoas o proxecto–. Neste caso non se procedería ó nomeamento de presidente ou vicepresidente, se continuaran sendo deputados os que desempeñaran estes cargos.

Pola contra, se a renovación parcial fose da menor parte, a Deputación resolvería sobre a legalidade da elección e as calidades dos que se acaban de designar. Como esta era unha regra sinxela, aplicaríaselles tamén ós deputados que se presentaron despois de instalada a corporación, ben se renovase esta total ou parcialmente<sup>164</sup>.

Os deputados que fosen electos por dous ou máis partidos deberían decidir por cál deles optaban, no día en que tomaran posesión na Deputación<sup>165</sup>. As razóns da posible dobre elección xa foron apuntadas ó trata-lo proxecto anterior.

Hai que ter presente que o último precepto deste Proxecto do outono de 1842, o art. 77, incluído dentro dos transitorios, viña a dispoñer que “verificada la aprobación, y cuando se hayan promulgado las nuevas leyes de ayuntamientos y jefes políticos, se elegirán las nuevas Diputaciones con arreglo a esta ley,

<sup>158</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, arts. 25 e 27.

<sup>159</sup> Cuestión xa prevista no art. 16 do R.D. do 21 de setembro de 1835, e que recolleu con posterioridade a Orde do 6 de novembro de 1837.

<sup>160</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 28. En termos similares o art. 30 do Proxecto do 18 de abril de 1842.

<sup>161</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 29.

<sup>162</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 30.

<sup>163</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 31.

<sup>164</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, arts. 34 e 35.

<sup>165</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 36.

que empezará a regir entonces". Con iso produciríase unha *vacatio legis* indeterminada, que dependía do que tardaran as Cortes en discutir e aproba-las aludidas leis, que completarían as reformas provinciais. Non obstante, a renovación despois da entrada en vigor das tres leis permitía uniformar estas institucións en consonancia coa concepción política que as informaba.

Respecto das sesións, quedaban reguladas no título VII do proxecto. O que non se determinou era un calendario preestablecido de reunións, nin sequera o seu número, como se fora recollendo en tódolos textos desde a Constitución de 1812. As sesións serían públicas cando o prescribira a lei, ou cando as deputacións o acordaran. Disto dedúcese que o art. 45 recoñecía de modo implícito que estes casos eran os excepciónais, debendo se-lo habitual que as reunións foran secretas<sup>166</sup>.

O quórum esixido para a celebración das sesións da Deputación fixouse na maioría dos deputados que a formaran<sup>167</sup>, o cal resulta obvio xa que só eles formaban a corporación. Mentres que para adoptar acordos e resolucións se requiría que votaran a favor a maioría dos presentes. Ademais, prohibíáselles ós deputados o absterse nas votacións, anque calquera deles podía salva-lo seu voto, facéndoo constar en acta. As votacións serían públicas, e resérvase o voto secreto para a elección de persoas<sup>168</sup>.

Cando nunha votación non se alcanzase a maioría nun mesmo sentido non podería adoptarse ningunha resolución. Para evita-lo dito obstáculo, os arts. 48 e 49 establecían o seguinte método para solucionalo: repetiríase a discusión e a votación na sesión seguinte, tomando tamén parte nesta, os deputados que non concorresen á anterior; se non se conseguira a maioría na segunda sesión, entenderíase desbotado o dictame, a proposición, proposta ou petición; e, se como consecuencia dese rexeitamento ou pola natureza do asunto fora necesario tomar unha resolución positiva, nomearíase unha comisión composta por deputados das distintas opinións coa finalidade de presentarlle ó Pleno un informe, no que se conciliaran as diferentes opinións. Regra novidosa en relación con textos anteriores.

Ó secretario correspondíalle redactar acta da sesión, que asinarían o que presidira, outro deputado e aquel<sup>169</sup>.

Xa sinalai que non se fixaba un calendario ríxido de sesións. Así o poñía de manifesto con claridade o art. 52, ó sinalar que "las Diputaciones se reúnen ordinariamente para celebrar sus sesiones, y suspenden estas cuando ella mismas lo acuerdan, según lo exijan los negocios de su cargo. También acuerdan los días y las horas en que han de tener las sesiones. Cesan y se di-

<sup>166</sup> Recollíase, polo tanto, o establecido no art. 43 do Proxecto de abril de 1842.

<sup>167</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 44.

<sup>168</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, arts. 46, 47 e 50. Recolle substancialmente o previsto no art. 45 do Proxecto de abril.

<sup>169</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 51. Reproduce no fundamental o último inciso do art. 50 do Proxecto de abril.



suelven cuando lo dispone la ley". Esta discrecionalidade contrasta cos proxectos anteriores, que fixaban de modo taxativo os períodos de sesións, as datas de inicio e conclusión, o número de sesións ou o horario de cada unha delas. Agora óptase exactamente polo contrario, por deixar á discrecionalidade das corporacións provinciais todo o referente ó seu método de traballo, sen interferencia de poderes alleos e, polo tanto, recoñécese a facultade de adapta-lo método ou número de sesións á cantidade de asuntos a tratar.

Non obstante, podían suspenderse as sesións das deputacións: polo Rei sempre e cando a suspensión non superara os trinta días; e, por iniciativa dos xefes políticos dirixida ó presidente da Deputación, só por dez días, concorrendo motivos graves e xustos, dándolle conta diso ó Goberno sen dilación. Existía unha excepción á posibilidade de suspensión, xa que non podían usar desta facultade nin o Goberno nin o xefe, cando as deputacións estivesen reunidas para desempeñar as funcións que lles encomendaba a lei electoral; e, sen que puidesen facelo máis dunha vez por ano<sup>170</sup>. Hai que resaltar que non se trataba de suspenderlos deputados como regulaban textos anteriores e ó que o presente lle dedicaba un título específico, senón de interromper as sesións.

A circunstancia de deixar os xefes políticos de pertencer á Deputación e a misión que lles incumbía de executar a lei, facía moi conveniente que aqueles tiveran coñecemento do que esta corporación acordaba. De aí que o art. 56 establecera que as deputacións non puideran celebrar ningunha sesión sen coñecemento do xefe político, para o que se lle pasaría aviso con vintecatro horas de antelación. En caso de non cumprir con este deber, sería nulo e sen ningún efecto o que se fixera contravindo o mesmo. Todo o cal hai que poñer en directa relación co xa mencionado acerca da obrigação que tiñan os xefes políticos de asistir ás sesións das deputacións, de acordo co previsto no proxecto que regulaba a súa autoridade e funcións do 15 de novembro de 1842. De novo e fronte ós aparentes postulados progresistas, o que se estaba recollendo de modo implícito era o control das deputacións por parte do axente do Goberno nas provincias.

Por outra parte, para solucionar os negocios urxentes, cando a Deputación non estivera reunida –ou como dicía o art. 57, “no tenga abiertas sus sesiones”–, despacharían e resolverían os deputados que residiran na capital se non eran menos de tres; xa que se non os houbera se chamarían os que se encontraran máis próximos ata completa-lo dito número. A súa re-

<sup>170</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, arts. 53 a 55.

solución sería con coñecemento do xefe político, provisional e coa obriga de sometela a un novo acordo da Deputación cando esta se reunira. Creo innecesario volver incidir na tradicional existencia das chamadas *comisións de despacho* e que este precepto viña consolidar.

O título VIII do Proxecto do 14 de novembro de 1842 estaba dedicado ás atribucións das deputacións provinciais. Para desempeñar de forma correcta estas atribucións, os corpos provinciais debían formar e instruí-los oportunos expedientes para asegurar “el acierto, la justicia y la conveniencia pública en las resoluciones”<sup>171</sup>. Máis que un mandato, tratábase dunha declaración de principios á que debían axustar a súa actuación as deputacións.

Se estudiamos con certo detemento as competencias que se lles atribuían ás deputacións sobre as materias enumeradas nos arts. 58, 60 e 61 deste texto, poderemos comprobar cómo no fondo se estaba reproducindo a distinción entre intereses provinciais e nacionais; entre facultades plenamente decisorias, deliberacións e dictames/consellos. A fundamentación pode encontrarse na interpretación que se fixo na *Gaceta de Madrid* acerca do título V do Proxecto do 18 de abril e que reproducín máis arriba. A lista de materias sobre as cales as ditas corporacións podía decidir definitivamente, ampliábase ata achegarse á Lei de 1823, pero eran asuntos de natureza provincial e que, polo tanto, non superaban os límites da provincia ou o ámbito territorial de competencia de cada Deputación. Pola contra, naqueles ámbitos nos que primaba o interese nacional –eleccións, quintas, Milicia, Facenda Real, entre outros sobre os cales interviñeran e interviñan amplamente–, as deputacións limitaríanse a deliberar sobre a mellor forma de cumprir cos mandatos superiores, procederan do legislativo ou do executivo, de modo que nestas cuestións as súas facultades estarían mediatizadas. E, por último, tamén deberían actuar como órganos consultivos, de cooperación ou sinxelamente de información. Cabe reiterar algo xa exposto: “las facultades de las Diputaciones se modifican por necesidad según la naturaleza de los intereses que predominan”<sup>172</sup>.

O art. 58 do Proxecto de novembro recolle unha longa lista de atribucións, que se complementaban coas enunciadas nos arts. 60 a 62. Como nos proxectos redactados entre 1838 e 1840 introducíanse expresións como as de “acordar y deliberar, acordar definitivamente” ou similares<sup>173</sup>. Por iso e de acordo co exposto no parágrafo anterior, cabe entender que sobre as materias que enumera tiñan a plena competencia por non exceder do

<sup>171</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 59.

<sup>172</sup> *Gaceta de Madrid*, 25 de abril de 1842, n. 2754. Polo tanto, non estou de acordo coa afirmación segundo a cal o Proxecto do Gabinete de Rodil era “bastante descentralizador: el jefe político no formaría parte de esos organismos, asistiendo a sus sesiones únicamente a título informativo, y las Diputaciones, expresamente consideradas como “corporaciones ejecutivas y deliberantes”, aprobarían definitivamente las cuentas y presupuestos municipales”, De CASTRO, *La Revolución liberal*, páx. 164, n.º 99. Nin coa que mantén que os progresistas elaboraron “un proxecto de organización de las diputaciones en la mejor línea gaudita y descentralizadora, en el sentido de la normativa de 1823. Las corporaciones provinciales reciben amplias facultades en materia de administración de su territorio y en la supervisión y control de los ayuntamientos... y se le reconoce a la corporación provincial el carácter ejecutivo además del deliberante, pudiendo, también aprobar definitivamente las cuentas y presupuestos municipales”, como sostén GONZÁLEZ CASANOVAS, J.A., *Las Diputaciones provinciales en España. Historia política de las Diputaciones, desde 1812 hasta 1985*, Madrid, 1986, páxs. 35 e 36. O seu ámbito non só se limitaba á materia mencionada e, noutras incluídas na normativa desde 1812, non se determinaban as súas facultades, anque parece deducirse o sometemento da súa actuación ás decisións do Legislativo e do Executivo.

<sup>173</sup> Por exemplo, o art. 60 do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838 determinaba que: “Es atribución también de las Diputaciones Provinciales deliberar y acordar...”. Expresión reproducida no art. 46 do Proxecto do 21 de marzo de 1840.



<sup>174</sup> Neste sentido, o art. 166 da Lei do 3 de febreiro de 1823 estableceu que “las Diputaciones prescribirán las reglas más sencillas y metódicas que se hayan de observar en sus respectivas secretarías para el mejor y más pronto despacho de los negocios comprendiendo también la parte correspondiente a las secretarías”. Antes da promulgación desta lei algunhas deputacións contaban cos seus propios regulamentos de réxime interior; e a maior parte delas xa durante a rexencia da raíña María Cristina.

<sup>175</sup> O precepto vixente era o art. 134 da Lei de 1823, de acordo co cal lles correspondería ás deputacións o coñecemento dos cursos e dubidas que ocorreran sobre eleccións dos oficios de concello, e decidiríaaas gobernativamente sen ulterior recurso.

<sup>176</sup> Acerca dos recursos sobre agravios e exoneración de oficios, art. 137 da Lei de 1823.

<sup>177</sup> Correspóndese cos apartados 1º dos arts. 46 do Proxecto de 1840 e 60 da Comisión do Congreso de 1838.

<sup>178</sup> O marco xurídico dos secretarios encontrábase fundamentalmente nos arts. 165 a 168 e 174 da Lei do 3 de febreiro de 1823. Para o resto de oficiais, os arts. 169 a 177 da mesma norma. Con posterioridade, o R.D. do 21 de setembro de 1835 dispoñía, no seu art. 25, que lles correspondía ás deputacións acordar e determinar de maneira definitiva sobre o nomeamento, número e dotación dos demais subalternos e dependentes necesarios para os traballos das súas secretarías, comprendéndose estes gastos no presuposto provincial.

<sup>179</sup> Altéranse as previsións incluídas nos respectivos títulos sétimos do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838 e do Goberno de 1840.

territorio/interese provincial. A longa lista de materias encóntrase a medio camiño entre a Lei de 1823 e os proxectos moderados. Isto ponse de manifesto na propia relación de asuntos: uns proceden da Lei do Trienio, mentres que os restantes se recolleron sucesivamente nos textos redactados a partir do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838. De acordo co citado precepto do texto de novembro de 1842 corresponderíalles ás deputacións:

■ forma-lo regulamento para o seu goberno interior e o das súas oficinas e dependencias. En canto á organización e funcionamento interior pouco podían innovar as deputacións con respecto ó esquema marcado polas normas emanadas das Cortes, agás en cuestións relacionadas coas comisións existentes ou estrutura orgánica da secretaría<sup>174</sup>, por exemplo.

■ resolver sobre reclamacións relativas á nulidade das eleccións para cargos de concellos<sup>175</sup>, das pegas e das escusas destes<sup>176</sup>. Este era e fora un dos puntos máis controvertidos, por considerarse un negocio político e gobernativo, propio dos xefes políticos e non das corporacións que debían exercer só funcións económicas ou administrativas. Este punto, que xa supuxera unha longa e asañada discusión cando se elaborou a Lei de 1823 e que mantido polos progresistas, desbotaban totalmente os moderados, que llelo encomendaran ós consellos provinciais nos proxectos que redactaron.

■ acorda-lo conveniente para a boa administración das leiras e demais propiedades da provincia. Neste punto incluíase todo tipo de relacións contractuais sobre aquelas<sup>177</sup>.

■ nomear e separar libremente o seu secretario e demais empregados retribuídos con cargo ós fondos provinciais<sup>178</sup>.

■ aproba-lo orzamento para o ano seguinte, tanto de gastos provinciais como dos medios e arbitrios para cubrilos, pero pedíndolle-la autorización ás Cortes no que fora necesario, de acordo coa Constitución e as leis<sup>179</sup>. Neste último suposto encontraríase a aprobación de contribucións extraordinarias.

■ examinar e aprobar cada ano as contas dos fondos de establecementos provinciais, por exemplo de instrucción pública ou beneficencia<sup>180</sup>.

■ aprobar, despois de examinadas e glosadas, as contas de propios, arbitrios, pósitos e establecementos municipais, que para iso debían remitir os concellos das vilas<sup>181</sup>.

<sup>180</sup> Estes gastos incluíanse como obrigatorios na regulación orzamentaria dos arts. 53 do Proxecto de 1840 e 65 do Proxecto do Congreso de 1838.

<sup>181</sup> “La aprobación definitiva –manifestaba a exposición previa– que las Diputaciones deben dar a las cuentas de propios, arbitrios, pósitos y establecimientos municipales es una de las novedades que ofrece el proyecto. Considerando el

■ aceptar ou renunciar herdanzas, legados e doazóns que se lle fixeren á provincia ou a establecementos provinciais<sup>182</sup>.

■ dispoñer que se demanden ou defendan en xuízo os bens, dereitos e accións que lle correspondan á provincia, e transixir sobre eles<sup>183</sup>. O que non determina este apartado é a qué órgano ou persoa lle correspondía a representación en xuízo.

■ resolve-los expedientes e reclamacións que deberían ou poderían dirixirse á Deputación<sup>184</sup>, de acordo co que determinara a Lei de concellos. Na miña opinión, o que aquí se recolle é a vía gobernativa para recorrer-las decisións ou resolucións das corporacións municipais, mediante unha alzada á provincial. Incluso, ó non introducir o precepto ningún matiz, cabería a posibilidade de que os interpuxeran tanto os concellos como os veciños.

■ acorda-lo que conveña acerca das obras públicas que se deban custear con fondos provinciais, coidar que se realizaran, autoriza-las poxas e contratos subseguintes<sup>185</sup>.

■ instruír e resolve-los expedientes sobre establecemento de novos concellos, agregación ou segregación dos existentes<sup>186</sup>. Sen embargo, calquera outra resolución que afectara a división territorial, ou afectara unha vila ou outro territorio de calquera provincia, debería someterse á aprobación do Goberno, polo que se lles daría conta ás Cortes.

■ dirixirlles representacións e peticións ás Cortes ou ó Rei sobre tódolos obxectos de interese da provincia ou dalgunha das súas vilas. A importancia das autoridades ás que se dirixían as ditas peticións obrigaba a que asinaran o presidente, tódolos deputados e o secretario<sup>187</sup>.

---

Gobierno a semejantes negocios de interés puramente local, y que muy remota e indirectamente pueden afectar al interés general, ha creído que no había necesidad de su intervención ni de la de las Cortes. Los ayuntamientos, corporaciones populares y autorizadas, ofrecen garantías bastantes de rectitud y pureza. Sin embargo, sus cuentas todavía requieren el examen, la glosa y aprobación de las Diputaciones, cuerpos de rango superior y que las leyes no pueden mirar con desconfianza. Si se frustran todas estas cauciones, inútiles serán probablemente otras que se escogiesen".

<sup>182</sup> Correspóndese cos apartados 6º do art. 46 do Proxecto de 1840 e 4º do art. 60 do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838.

<sup>183</sup> Correspóndese cos apartados 4º dos arts. 46 do Proxecto de 1840 e 60 do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838.

<sup>184</sup> Con carácter fundamental os arts. 90 a 93 da Lei do 3 de febreiro de 1823 regulaban a resolución de agravios.

<sup>185</sup> Correspóndese cos apartados 7º e 8º do art. 46 do Proxecto de 1840 e 6º e 7º do art. 60 do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838.

<sup>186</sup> Os arts. 83 a 87 da Lei do 3 de febreiro de 1823 sinalaban as regras para establecer novos concellos.

<sup>187</sup> Sobre estes puntos, arts. 161 e 164 da Lei do 3 de febreiro de 1823.



■ propoñerlle ó Goberno, para que as aprobara e lles comunicara ás Cortes, as variacións que fora conveniente facer na división de demarcacións e distritos electorais<sup>188</sup>.

■ facer efectivas as correccións e multas que puideran impoñerlles ós concelleiros, segundo o que dispuxera a Lei de concellos á que se remitía<sup>189</sup>. Tanto para a súa imposición, como para a execución doutros acordos calquera, poderían contar co auxilio da forza coactiva, que deberían prestárilles os xefes políticos e as demais autoridades requiridas por estes.

■ de maneira residual, cumprirían os demais encargos e exercerían as funcións que lles encomendaran outras leis especiais –electoral, de quintas, ordenanza da Milicia Nacional ou outras– e nos decretos e ordes do Rei<sup>190</sup>.

■ evacuarían calquera informe que se lles pedira de orde do Rei.

■ remitiríanlle ó Goberno as noticias e os datos que lles esixa, prestando a súa cooperación e auxilio cando se trate da división territorial, da estatística, do censo de poboación, dos camiños e outras obras nacionais, e doutros obxectos semellantes de interese xeral<sup>191</sup>.

■ evacuarían tamén os informes que lles pidan outras autoridades, auxiliaríanas no que conviñera e gardarían con elas a boa harmonía que lle importara ó servizo público, e proporcionarlle-la debida e máis franca correspondencia<sup>192</sup>.

É apreciable a notable atribución de funcións encomendadas ás deputacións, só comparable coa serie de facultades que se recollían na Lei de 1823. Esta enumeración supón unha clara reacción fronte ós proxectos moderados e, incluso, ó proxecto centralista que o precedeu. Supón a aceptación das críticas dalgunhas corporacións provinciais, que tacharan o Proxecto do 18 de abril de 1842 de inconstitucional. Ademais, recoñécíanse as funcións que viñan desempeñando as deputacións desde a etapa gaditana e o xogo que podían dar dentro dun réxime lixeiramente descentralizado –emancipado, en expresión dalgún texto aquí recollido– administrativamente.

<sup>188</sup> O cap. IV da Lei electoral do 20 de xullo de 1837 serviríalle de apoio á Lei do 13 de setembro de 1837, e o art. 4 da cal, no seu inciso final, lles atribuíu ás deputacións a misión de “subdividir los partidos judiciales en distritos electorales si la comodidad de los electores lo exige”. Pola súa parte, o art. 9 do R.D. do 24 de outubro de 1839, dispuxo que o xefe político coa Deputación sinalaría os distritos nos que tivese que dividirse cada partido; mentres que o Decreto de rexencia do 13 de outubro de 1840 estableceu no seu art. 4 que “las Diputaciones señalaran previamente los distritos en que cada partido haya de subdividirse”.

<sup>189</sup> Respecto disto o art. 178 da Lei do 3 de febreiro de 1823 permitíalles ás deputacións cominar con multas que non pasaran de mil reais os concellos e particulares “en los negocios que sean de sus atribuciones, o bien por vía de apremio, o bien de corrección, en caso de desobediencia, falta de cumplimiento, o de advertirse otros defectos maliciosos que no sean culpas o delitos”. O xefe político disporía a súa exacción, segundo o art. 179.

<sup>190</sup> Resulta curioso que estas cuestións do art. 60 do proxecto eran das máis tradicionais que pertencen ás deputacións desde a Constitución de 1812. A razón de remitirse ás leis especiais que as regulaban puido deberse a que, co transcurso do tempo, eran estas e non a Lei do 3 de febreiro de 1823 as que concretaran as facultades das ditas corporacións.

<sup>191</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 61. Pola súa parte, o art. 15 do Proxecto sobre autoridade e funcións dos xefes políticos do 15 de novembro de 1842 establecía: “Pueden pedir a las Diputaciones provinciales, ayuntamientos y alcaldes de los pueblos de sus provincias, los datos, noticias e informes que necesiten”.

<sup>192</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 62.

En relación cos fondos necesarios para cumprilas ditas tarefas<sup>193</sup>, o art. 65, primeiro do título X, dispoñía o nomeamento dun depositario para a recadación dos fondos e caudais pertencentes á provincia, coa intervención da Deputación<sup>194</sup>. O depositario debía prestar suficientes garantías, e custodiarlos caudais de acordo co que prescribira o regulamento interno da Deputación, ou co que esta mesma acordase. Para efectuarlos pagos, o dito oficial debería estar autorizado por libramento, asinado polo presidente e o secretario. Naquel documento debería constar a partida do presuposto con cargo á que se efectuaba, ou no seu caso, o acordo que o autorizara<sup>195</sup>.

Era obrigación do depositario presentar, dentro dos quince primeiros días de cada ano, as contas do anterior, cos xustificantes, na secretaría da corporación. Se por calquera motivo o depositario deixara de selo, tamén estaría obrigado a presentar as contas pendentes nun prazo de quince días<sup>196</sup>. Examinadas pola corporación estas contas, satisfaríanse os reparos, e emendaríanse ou corruxiríanse os agravios que contiveren. Unha vez aprobadas, a Deputación remitiríalle as contas co seu parecer ó Goberno, que as faría recoñecer polo Tribunal Maior de Contas. Despois de todas estas operacións pasaríanse ás Cortes para a súa aprobación definitiva<sup>197</sup>. De novo rompíase coa estrutura e contido que marcaran os proxectos moderados, posto que non se refiren ó presuposto da provincia, senón que regulan a presentación e aclaración de contas por parte do depositario.

A última parte do proxecto é a dedicada á responsabilidade dos deputados provinciais. O motivo da súa inclusión xustificábase da seguinte maneira o Goberno: "Como cuerpos que ejecutan y administran, las Diputaciones provinciales están sujetas a responsabilidad. La responsabilidad es personal, y puede recaer sobre uno o sobre muchos, o sobre todos los individuos que componen una Diputación. Por esto, los artículos que se refieren a las faltas hacen mención sólo de los individuos, y esta doctrina evita la necesidad de disponer acerca de la suspensión o disolución de las Diputaciones".

En consecuencia e de conformidade con estas apreciacións, o art. 69 viña determinar a responsabilidade dos deputados provinciais "por sus faltas, por sus votos y por sus actos, como tales diputados y como comisionados de la Diputación". Ó Goberno correspondíalle facer efectiva esta responsabilidade de acordo coas leis<sup>198</sup>.

No caso de cometer falta ou delicto castigado pola lei, o Rei, é dicir o Goberno, podía mandar suspenderlo deputado ou de-

<sup>193</sup> A rúbrica era *De la recaudación y distribución de los fondos provinciales*, pero en ningún momento se aludía ó presuposto provincial posto que xa aparecía mencionado no art. 58, 5º.

<sup>194</sup> Fronte á xestión económica que os proxectos moderados lles encomendaban ás oficinas da Facenda Real na capital da provincia, o texto de novembro de 1842 encóntrase na liña proposta polo art. 70 do Proxecto progresista de abril.

<sup>195</sup> Proxecto do 14 e novembro de 1842, art. 66, a finalidade do cal se asemella á prevista no art. 71 do Proxecto de abril anterior.

<sup>196</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 67. En termos moi parecidos ó art. 72 do Proxecto do 18 de abril de 1842.

<sup>197</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 68. A exposición, despois de referirse á aprobación das contas municipais que realizara a corporación provincial, sinalaba: "No están en igual caso las cuentas de las Diputaciones provinciales. Aunque no las rindan ellas materialmente, las rinde un empleado de su libre y exclusivo nombramiento, que ha obrado en virtud de órdenes y acuerdos. Debe requerirse otra aprobación, y como por la extensión de una provincia sus intereses tienen una especie de generalidad, parece que por estar las cuentas comprendidas en la letra y espíritu del art. 72 de la Constitución, deben ser presentadas a la aprobación de las Cortes". Neste punto discrepaban os proxectos progresistas, pois o de abril atribuíalle a aprobación definitiva ó Goberno, mentres que o outonal o facía ás Cortes.

<sup>198</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 70.



<sup>199</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 71. Poñía de manifesto a exposición: "Si existe un verdadeiro delito, la ley, inexorable e igual para todos, no permite que el culpado deje de sufrir la pena señalada. Los tribunales la han de imponer, y a los tribunales debe ser entregado sin la menor dilación. Alguna vez la falta o exceso no tendrá tan marcados los caracteres del crimen; pero el genio turbulante y díscolo, el abandono y notables descuido en el cumplimiento de los deberes de diputado u otras causas que siempre deben ser graves y bien calificadas, obligarán a resolver la suspensión. El Ministerio, que tiene que dar cuenta y defender su conducta en la Representación nacional, no se arrojará ligera-mente a adoptar medidas de tanta gravedad. La sentencia ejecutoriada, o una ley, solo tendrán suficiente fuerza para separar de su cargo a los diputados".

<sup>200</sup> O art. 54 do Proxecto do 18 de abril determinaba que só por lei podía ser disolta unha Deputación; mentres que a suspensión ou separación dun ou máis deputados e a suspensión de toda a corporación lle correspondía ó Rei, segundo os arts. 52 e 53 do mesmo.

<sup>201</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 73, parágrafo primeiro.

<sup>202</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 73, parágrafo segundo.

<sup>203</sup> Neste sentido, OLIVAN manifestou que o Gabinete de Rodil, tras retirarlos proxectos de abril de 1842, "les sustituyó (por) otros, purgados de las infracciones de constitución y de la tendencia reaccionaria, si bien conservando algunos errores como en obsequio a las ideas exagera-

putados que aparecieran como culpables, poñéndoos a disposición do Tribunal competente co expediente ou as probas, e dándolles conta ás Cortes<sup>199</sup>. Deste modo á sanción imposta pola vía governativa –suspensión– engadíase a imposta pola lei –pena– a través da sentenza dos tribunais. Establecíase, polo tanto, unha dobre garantía: a dos tribunais e a do Poder lexislativo.

Cando a actuación non fora tan grave como no caso anterior, o art. 72 permitíalle ó Goberno suspender con carácter gubernativo a un o máis deputados provinciais. Esta sanción verificaríase por expediente instructivo en que constaran razóns bastantes, dándolles conta do mesmo ás Cortes e proponendo un proxecto de lei para a separación daqueles. Desta maneira, a suspensión seguiría a vía administrativa ou governativa, o que permitiría cualificala de sanción disciplinaria; mentres que a separación se faría pola vía lexislativa por proposta do Goberno<sup>200</sup>. Aínda que o precepto seguinte admitía que a separación dos deputados non só podía facerse por lei, senón tamén por sentenza executoriada<sup>201</sup>.


En todo caso, corresponderíalle ó Goberno exercer sobre as deputacións "a suprema inspección conveniente", tanto para que puidera cumprirse o disposto na propia lei de deputacións, como para que as leis tiveran a súa debida observancia e execución, sen menoscabala-las atribucións e facultades daquelas corporacións<sup>202</sup>. Esta función tutelar sería semellante á que exercían as corporacións provinciais sobre as municipais. O resultado sería unha tutela administrativa xerarquizada desde o Goberno ata os concellos.

Por último, o art. 74 do Proxecto do 14 de novembro de 1842 derogaba, só na parte relativa ás deputacións provinciais, a Lei sancionada no 2 de marzo de 1823 que non era outra que a Lei do 3 de febreiro dese ano. Co cal, polo menos en aparencia, quedarían vixentes diversas normas, como as referidas á renovación destes corpos e outras que lles encomendaran distintas facultades, se ben resulta evidente tamén a súa abrogación no que fora contraria ó texto do outono de 1842. Ademais, a derogación desta parte da lexislación proveniente do Trienio, permitía que o resto das institucións por aquela regulada permanecera en vigor, ata que se aprobaran os correspondentes proxectos que as regularan.

Este texto progresista chocaba moito máis que o anterior coas propostas moderadas, a pesar de admitir algunha delas<sup>203</sup>. Pasárase de querer unha excesiva centralización polos moderados, a pretender instaurar certa descentralización –emanci-

ción– a favor dos corpos provinciais. Máis na liña marcada pola Lei de 1823 admitíanse, sen embargo, algunhas notas de corte francés, como podía se-la separación da presidencia que lles viña correspondendo con carácter tradicional ós xefes políticos, para encomendarlla a un dos deputados. O control que se pretendía exercer sobre estes corpos por parte dos axentes do Goberno e a función tutelar que este tiña atribuída, xunto con algún outro punto xa exposto favorecerían tamén certo control ou sometemento ás directrices do Gabinete. En cambio e respecto das atribucións, este proxecto do 14 de novembro de 1842 era unha reacción desesperada dos progresistas para regula-lo réxime provincial.

No seu conxunto non deixa de presentar importantes contradicións a regulación que se pretendía darlle á Administración provincial considerada no seu conxunto. Por exemplo, mentres o Proxecto sobre deputacións lle entrega a presidencia a un deputado, salvo que concorrese o xefe político, a asistencia do cal parecía regularse como facultativa ou optativa, de acordo coa súa vontade<sup>204</sup>; o Proxecto sobre xefaturas políticas mandaba que concorran a tódalas sesións, e non podían deixar de facelo, senón por motivos graves<sup>205</sup>. O efecto inmediato sería que a presidencia real lle correspondería sempre ó delegado do Goberno, anque non tivera voto.

Os acontecementos que se foron desenvolvendo primeiro en Cataluña e con posterioridade no resto de España facilitaron a caída de Espartero, e con el a dos progresistas. Como en ocasións anteriores –1838, 1840, abril de 1842–, tamén este proxecto de finais de 1842, intento híbrido para conciliar posturas e que non deixaba de incluír certas innovacións, quedaría na lembranza. 

das reinantes, y atollándose en la embarazosa situación originada de la carencia de Tribunales administrativos. Lo más chocante en los nuevos proyectos, y que por ese lado empeora muchos de los anteriores, son ciertas disposiciones heteróneas, a manera de aditamentos de mano grotesta y ansiosa de falsa popularidad, que pretende atribuir a las Cortes actuaciones y referencias extrañas a su carácter en el orden constitucional y en el administrativo. No es en el Ministerio donde debiera suponerse ni donde pueda tolerarse aquel temperamento empírico, que con capa de fácil y bastardo eclecticismo encubre a la ignorancia”, en *De la administración*, páxs. 269 e 270.

<sup>204</sup> Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 4.

<sup>205</sup> Proxecto do 15 de novembro de 1842, art. 12.